É difícil facer un filme tan literalmente fiel ao espírito do que foi o neorealismo: a parella de directores, que xa sorprendera ao público e crítica coa súa seu brillante e luminosa *A Pivellina* (2009), segue nesta ficción con forte arraigamento documental a un mozo domador de leóns como pretexto para a presentación dunha serie de personaxes queribles que son confrontadas coa súa memoria e as súas nostalxias. A mirada dos realizadores é á vez tenra e está impregnada dunha obsolescencia tan deliberada como honesta.

DOM 12, 22:15 | LUN 13, 19:30

NAPALM [2017]

Claude Lanzmann

Francia / 100 min. / documental / francés

Ficha técnica:

Guión: Claude Lanzmann

Producción: Margo Cinema, Orange Studio, Centre National de la Cinématographie (CNC)

Sinopse:

Napalm é a narración do estarrecedor “breve encontro”, en 1958, entre un membro francés da primeira delegación de Europa Occidental convidada a Corea do Norte tras a devastadora guerra de Corea e unha enfermeira do hospital da Cruz Vermella coreana, en Pyongyang, a capital da República Democrática Popular de Corea. A enfermeira Kim Kun Sun e o delegado francés só tiñan unha soa palabra en común que ambos comprendían: “napalm”, que deu título á película. Claude Lanzmann regresou a Corea sen autorización para filmar, e cada plano representa unha extraordinaria vitoria sobre o control permanente da policía política do réxime, que non descubriu as auténticas razóns do seu regreso á península deste norte extremo ata sesenta anos máis tarde.



XOV 23, 20:00 | DOM 26, 18:00

NELYUBOV (LOVELESS) / SEN AMOR [2017]

Andrei Zvyagintsev

Rusia, Francia / 127 min. / Ficción / Ruso

Ficha artística:

Maryana Spivak, Alexey Rozin, Matvey Novikov, Marina Vasilyeva

Ficha técnica:

Guión: Andrei Zvyagintsev, Oleg Negin

Fotografía: Mikhail Krichman

Música: Evgeny Galperin

Producción: Arte France Cinéma / Why Not Productions

Sinopse:

Boris e Zhenya están en proceso de divorcio. Discuten sen cesar e repártense as visitas ao seu apartamento para vendelo canto antes. Xa están a preparar os seus respectivos futuros e ningún dos dous parece estar interesado en Aliocha, o seu fillo. Ata que desaparece.

— Gran premio do xurado en Cannes 2017



Tras *Leviatán*, Andrei Zvyagintsev completa o seu demoleedor díptico sobre Rusia definido sen ambages como un estado errado. Un espazo sen leis nin autoridades, sen unha orde ou unha institución á que afeirse. Non hai agarradoiras. Nese sentido, a mensaxe política radical, abafadora, funciona á vez que tritura conciencia e que pasa por encima da traxedia que palpita desde as primeiras imaxes desta obra mestra do nihilismo. Insólito que o cinema de Zvyagintsev poida seguir o seu curso sen atoparse co bozo do réxime de Putin.

VEN 17, 21:45 | MAR 21, 17:45

OUT OF LOVE [2016]

Paloma Aguilera Valdebenito

Holanda, Francia / 101 min. / Ficción / Inglés, francés, holandés

Ficha artística:

Naomi Velissariou, Danil Vorobyev, Marc Madeleyn, Régis Dorion, Koosje Bulens, Ilia Gavria

Ficha técnica:

Guión: Paloma Aguilera Valdebenito

Fotografía: Jasper Wolf

Edición: Saskia Kievits

Producción: Frans van Gestel, Arnold Heslenfeld, Laurette Schillings

Sinopse:

Varya coñece a Nikolai unha noite calquera no restaurante onde el traballa como cocinheiro. Ao pouco tempo comezan a saír xuntos. Pouco sabemos sobre eles cando rapidamente se ven inmersos nunha relación onde conviven o amor, a luxuria e a tenrura, pero tamén onde as emocións poden pasar dun momento ao outro cara aos celos, a necesidade de exasperarse mutuamente, a angustia e, en última instancia, o odio.



Explora no universo íntimo e intenso dunha relación extrema onde a parella protagonista vai intercambiando os roles de vítima e verdugo e sofre á vez que se recrea nese vínculo tumultuoso e intenso. Paloma Aguilera révelase aquí como observadora aguda que logra construír perfís psicolóxicos precisos e cribles. A directora, holandesa, de ascendencia chilena, xa realizara a interesante *Entre nosotros* coa que xa chamara positivamente a atención da crítica.

MAR 21, 19:45 | SAB 25, 22:30

POROROCA [2017]

Constantin Popescu

Romanía, Francia / 152 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Bogdan Dumitrache, Iulia Lumânare, Constantin Dogioiu, Stefan Raus

Ficha técnica:

Guión: Constantin Popescu

Fotografía: Liviu Marghidan

Producción: Scharf Advertising / Irreverence Films

Sinopse:

Cristina e Tudor Ionescu teñen unha familia feliz cos seus dous fillos, María e Ilie. Están na trintena e viven nun bonito apartamento nunha cidade romanesa. Pero unha mañá Tudor leva os seus fillos ao parque e María desaparece. As súas vidas cambian para sempre.

— Mellor actor (Bogdan Dumitrache) no Festival de San Sebastián



Non poderíamos falar dun festival serio se na súa sección oficial non aniñase, como prato forte, unha película romanesa. O que parece broma é unha realidade. Constantin Popescu marca territorio desde a planificación desa soberbia secuencia de arranque, nun parque: seguimos a un pai e á súa filla. Asistimos a esa perda en diferido nun estado de tensión máxima porque Popescu sabe como xerar inquietude, incerteza, como prepararanos para a poutada. O que segue é unha lección de cinema con chiscadelas a *M*, o vampiro de *Dusseldorf* e un premio de interpretación para o seu actor no Festival de San Sebastián. Que sería dos nosos festivais *sen a-película-romanesa*.

REVENGE [2017]

Coralie Fargeat

Francia / 108 min. / Ficción / Inglés, francés

Ficha artística:

Matilda Anna Ingrid Lutz, Kevin Janssens, Avant Strangel

Ficha técnica:

Guión: Coralie Fargeat

Fotografía: Robrecht Heyvaert

Producción: MES Productions / Monkey Pack Films / Logical Pictures

Sinopse:

Tres amigos casados reúnen para a súa viaxe anual de caza. Un deles leva a súa amante, unha moza moi atractiva. As cousas revíranse e a muller aparece morta. Cando ela volve á vida, a viaxe dos homes convértese nunha persecución no medio do deserto.

— Sección oficial de longametraxes a concurso en Sitges 2017



Coralie Fargeat debuta rompendo moitos pratos. A súa subversión do cinema de vengadores, instituído por Clint Eastwood e o bigote de Charles Bronson na Norteamérica dos *seventies*, lévanos a unha paisaxe desértica. E a unha muller que colle o seu fusil para desquitarse dos seus abusadores. E faio enarborando un poderío visual epatante nun escenario deshumanizado no cal hai chiscadelas a Leone e, sobre todo, ás persecucións animadas do Coiote e o Correcamiños, con moito explosivo Acme e carne e óso á vista en lugar de “dibus”. Premio dobre dúas semanas en Sitges para Coralie Fargeat, como mellor directora e mellor ópera prima.

SAGE FEMME / DÚAS MULLERES [2017]

Martin Provost

Francia / 117 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Catherine Frot, Catherine Deneuve, Olivier Gourmet, Quentin Dolmaire, Mylène Demongeot, Pauline Etienne, Audrey Dana, Marie Paquim

Ficha técnica:

Guión: Martin Provost

Fotografía: Yves Cape

Música: Grégoire Hetzel

Producción: Curiosa Films / France 3 Cinéma / Versus Production

Sinopse:

Claire exerce con paixón o seu oficio de comadroua. Preocupada como está xa polo inminente peche da sección de maternidade en que traballa, a súa vida sufrirá un golpe aínda maior: o regreso de Béatrice, antiga amante do seu defunto pai.



Martin Provost, director de *Seraphine*, sérvenos esta dramedia de absoluto protagonismo feminino. Catherine Deneuve e Catherine Frot (actriz teatral de longo percorrido, memorable no recente cume de comicidade de *Marguerite*) desenvolven unha fermosa historia de re-composición do pasado, exenta de melodramatismos graxos. Puidose ver na Berlinale e acaba de clausurar a Seminci.

SAMI BLOOD [2016]

Amanda Kernell

Suecia, Noruega, Dinamarca / 110 min. / Ficción / Sueco, saami

Ficha artística:

Lene Cecilia Sparrok, Mia Erika Sparrok, Maj Doris Rimpi

Ficha técnica:

Guión: Amanda Kernell

Fotografía: Sophia Olsson, Petrus Sjövik

Música: Kristian Eidnes Andersen

Producción: Nordisk Film Production Sverige AB / SVT / Bautafilm AB

Sinopse:

Elle Marja é unha moza saami de 14 anos que cría renos. Exposta ao racismo e a exames biolóxicos no seu internado, comeza a soñar con outra vida. Para alcanzala, deberá romper todos os lazos coa súa familia e a súa cultura.

— Nomeada aos Premios LUX

— Mellor director novel no Festival de Venecia 2016 (Venice days)



Presentada nas Xornadas dos Realizadores de Venecia, onde a súa directora, Amanda Kernell, gañou o premio á mellor ópera prima. Kernell trata unha persecución racial non moi coñecida -a da poboación lapona na Suecia dos anos 30 do século pasado- pero non se limita a ilustrar ese drama histórico senón que o personaliza nun carácter feminino fascinante na súa loita por preservar as súas orixes e na súa resistencia á asimilación.

SONAR [2017]

Jean-Philippe Martin

Bélxica, Francia / 106 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Naidra Ayadi, Bernie Bonvoisin, Bruno Clairefond, Sébastien Fouillade

Ficha técnica:

Guión: Jean-Philippe Martin

Fotografía: Colin Lévéque

Música: Philmarie, Brisa Roché

Producción: Centre du Cinéma de la Fédération Wallonie-Bruxelles

Sinopse:

Thomas, un enxeñeiro de son de 34 anos, vive no estudo de gravación do seu xefe alcohólico, Wyatt. Leva unha vida ordenada e equilibrada, e convive coa dolorosa lembranza dunha relación que rematou. Nunha das raras visitas que lle fai á súa nai coñece a Amina, unha bela inmigrante marroquí que traballa no lugar.



Jean-Philippe Martin explica que na súa primeira longametraxe “quería falar sobre o dereito a non ser determinado polo que representamos aos ollos dos demais, debido ás nosas orixes, á nosa contorna. Amina utiliza eses códigos, facéndose pasar por unha indocumentada, porque esa é a identidade que sempre lle devolveu a súa contorna e que ela tivo que afrontar. Ao final, todos nos enfrentamos aos mesmos problemas, o medo obríganos a construír barreiras, ás veces tamén o pudor. Todos temos a mesma fragilidade, xa sexa Amina, Thomas, Wyatt, todos comparten as gretas que os fan profundamente humanos e únenos”.

VEN 10, 23:00 | LUN 13, 21:30 | XOY 16, 18:00

TESNOTA / CLOSENESS [2017]

Kantemir Balagov

Rusia / 118 min. / Ficción / Ruso

Ficha artística:

Darya Zhovner, Olga Dragunova, Veniamin Kac, Atrem Cipin

Ficha técnica:

Guión: Kantemir Balagov, Anton Yarush

Fotografía: Artem Emelianov

Producción: Example of Intonation (Alexander Sokurov's Fund)

Sinopse:

1998, Nalchik. Unha familia xudía está en perigo: o fillo máis pequeno e a súa esposa non volven a casa e á mañá seguinte a familia recibe unha nota de secuestro. O rescate que piden é tan alto que a familia vese obrigada a vender o seu pequeno negocio e a buscar axuda arredor de si.

— Gañadora da sección Un Certain Regard no Festival de Cannes 2017



Moita atención a esta película e ao seu director, Kantemir Balagov, que aprendeu o seu oficio con Sokurov. Na súa estrea -como ven, é esta unha edición infestada de fulgurantes óperas primas- introducéncos na opresiva situación dunha familia xudía no Cáucaso, vítima dun secuestro. Coa guerra de Chechenia de fondo e o antisemitismo como lei de ferro, a actriz Darya Zhovner bótaese sobre os ombreiros este drama ao límite, de atmosfera oclusiva e descomunal intensidade narrativa nesta loita contra a extenuación.

XOY 16, 22:00 | SAB 18, 20:00

THE BLACK PIN / O ALFINETE NEGRO [2016]

Ivan Marinovic

Montenegro, Serbia / 93 min. / Ficción / Serbio

Ficha artística:

Nikola Ristanovski, Dragana Dabovic, Bogdan Diklic, Jelisaveta 'Seka' Sablic, Ljubomir Bandovic, Leon Lucev, Filip Klicov, Dejan Djonovic

Ficha técnica:

Guión: Ivan Marinovic

Fotografía: Dorde Arambasic

Música: Toni Kitanovski

Producción: Adriatic Western / EED / Productions

Sinopse:

Petar é un sacerdote que regresou ao seu pobo para encargarse da parroquia, do coidado da súa nai -quen padece Alzheimer- e do seu fillo rebelde. O sacerdote termina sendo un obstáculo para unha gran venda de propiedades situadas na zona onde se atopa a súa parroquia. Ante a negativa do sacerdote, un grupo de aldeáns decide realizar todo tipo de accións coa finalidade de persuadilo.



Hai algo neste filme do montenegrino Ivan Marinovic do costumismo do cinema italiano que sucede ao neorealismo. Un conflito social, un inimigo do pobo encarnado por un sacerdote. E unha espita para certo grao de humor que desconxestiona este drama social que supón a estrea na longa de Marinovic.

XOY 9, 22:30 | SAB 11, 21:15 | DOM 12, 16:45

THE PARTY [2017]

Sally Potter

Reino Unido / 71 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Patricia Clarkson, Bruno Ganz, Cherry Jones, Emily Mortimer, Cillian Murphy, Kristin Scott Thomas, Timothy Spall

Ficha técnica:

Guión: Sally Potter

Fotografía: Alexey Rodionov

Producción: Adventure Pictures

Sinopse:

Janet está a organizar unha reunión íntima de amigos para celebrar o seu ascenso a ministra de saúde. O seu marido, Bill, parece preocupado. A medida que chegan os seus amigos, algúns cos seus propios dramas para compartir, a velada desenvólvese gradualmente. Un anuncio de Bill provoca unha serie de revelacións que se intensifican cara á confrontación total.

— Sección oficial longametraxes a concurso no Festival de Berlín 2017



Temos de volta a Sally Potter. Ela é historia viva no noso festival, onde gañou o premio do público hai... 25 anos con *Orlando*. A súa dilatada *rentrée* é unha comedia corrosiva de luxo. Un guateque de sarcasmo e humor fino e macabro. Regresa Sally Potter cunha celebración de perveridades e diálogos acerados, unha festa con convidados sorpreza e ácido branco e negro a ton coa súa alma de gargallada sardónica, canalla, brillante e escura.

MAR 7, 22:30 | MER 8, 20:00 | XOY 9, 20:00

THE SQUARE [2017]

Ruben Östlund

Suecia, Alemaña, Francia, Dinamarca / 142 min. / Ficción / Inglés, sueco, danés

Ficha artística:

Claes Bang, Elisabeth Moss, Dominic West, Terry Notary

Ficha técnica:

Guión: Ruben Östlund

Fotografía: Fredrik Wenzel

Producción: Plattform Produktion / ARTE France Cinéma

Sinopse:

Christian é o respectado conservador dun museo de arte contemporánea. A súa próxima exposición é "The Square", unha instalación que convida os transeúntes ao altruísmo. Pero ás veces resultalle difícil estar á altura dos seus propios ideais.

— Palma de Ouro (Mellor película) no Festival de Cannes 2017



A Palma de ouro volve ao noso festival. Tras dous anos sen ela en programa, o premio gordo de Cannes este ano é unha fogueira das vaidades coa firma do sueco Ruben Östlund. *The Square* é unha aceda crítica cara á sociedade ben pensante e o progresismo de salón encarnado no director dun museo de arte contemporánea. A partir dun equívoco, desbócase unha trama de bizarra loita de clases entre home e neno. Unha orxía de *performances* provocadoras, un *grand soufflé* que parece beber do iconoclasta Marco Ferreri. E a fascinación de Elisabeth Moss, protagonista do xa coñecido como "gag do preservativo" desde o seu pase na Croisette.

SAB 11, 22:15 | DOM 12, 17:45

THELMA [2017]

Joachim Trier

Noruega, Francia, Dinamarca, Suecia / 116 min. / Ficción / Noruegués

Ficha artística:

Eili Harboe, Okay Kaya, Ellen Dorrit Petersen, Henrik Rafaelsen, Vanessa Borgli, Ingrid Gæver, Anders Mossling, Jonas Jørgensen

Ficha técnica:

Guión: Joachim Trier, Eskil Vogt
Fotografía: Jakob Ihre
Música: Ola Fløttum
Produción: Motlys / Eurimages / Film I Väst / Le Pacte

Sinopse:

Thelma non é unha moza normal. Desesperada, preguntálle insistentemente a Deus por que a fixo así. Os seus pais tampouco serven de moita axuda; son dúas persoas misteriosas que se mostran tranquilas ante os poderes que mostra a súa filla, quen, cada vez que sente algo, causa desastres. Cando Thelma inicie unha relación cunha compañeira, as emocións propias do amor farán estragos.



Tras as excelentes *Reprise* e *Oslo, 31 de agosto*, o noruegués Joachim Trier picou coa irregular *O amor é máis forte que as bombas*. *Thelma* supón unha recuperación de ton, un achegamento aos rituais de paso da adolescencia á idade adulta, tránsito que pasa tamén polo goce libre da identidade sexual, somatizados pola protagonista na asunción de poderes paranormais, que non desbocados. En Sitges levou o Premio especial do xurado e o de mellor guión.

DOM 12, 20:45 | MER 22, 18:00

TRAMPOLIN [2016]

Katarina Zrinka Matijevic

Croacia / 80 min. / Ficción / Croata

Ficha artística:

Franka Mikolaci, Frano Maškovi, Lana Baric, Tena Brankov Nemet, Nina Violic, Marija Tadic, Igor Kovac, Enes Vejzovic

Ficha técnica:

Guión: Katarina Zrinka Matijevic, Pavlica Bajsic, Ivan Salaj
Fotografía: Vjeran Hrpka
Música: Šumovi protiv valova
Produción: Interfilm

Sinopse:

Trampolin azul. Escintileos de lóstregos sobre a cidade. Ese é o cruzamento en que se atopan as nosas historias serpeantes. Fuxindo da súa nai, Lina, unha nena de sete anos de idade, atópase cunha adolescente, Nika, e unha muller de 40 anos de idade, Nikolina, dous espellos do que o seu futuro lle podería deparar. Os tres personaxes femininos comparten un destino similar. O seu encontro cambiará as súas vidas e revelará rupturas dolorosas nas súas familias.



O primeiro filme de ficción da croata Katarina Zrinka -prestixiosa documentalista- parte da fuxida cara adiante de tres mulleres cuxo encontro é froito do azar aínda que comparten un idéntico temor. Un medo que as levou á quebra emocional. A vivencia dos malos tratos, a violencia de familias desestructuradas. Ou o medo para reproducilo. Tres mulleres, tres idades, tres traumas en busca de soldadura emocional.

MAR 14, 22:30 | XOVI 16, 20:00 | DOM 19, 18:00

UN BEAU SOLEIL INTÉRIEUR / UN SOL INTERIOR [2017]

Claire Denis

Francia / 94 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Juliette Binoche, Gérard Depardieu, Valeria Bruni Tedeschi

Ficha técnica:

Guión: Christine Angot, Claire Denis (Libro: Roland Barthes)
Fotografía: Agnès Godard
Música: Stuart Staples
Produción: CNC / Curiosa Films

Sinopse:

Isabelle, artista parisiense, nai divorciada, está a buscar o amor, o verdadeiro amor ao fin.

— Quincena dos realizadores (ex-aequo) no Festival de Cannes 2017



O fastuoso retorno de Claire Denis -habitual de Cineuropa- é unha relectura dun texto de Roland Barthes para remodelalo en virtuoso excursu polas experiencias románticas dunha Juliette Binoche sublime. Ela encara toda a complexidade do seu personaxe, unha vítima dos amores "escindidos", á que vemos sempre cando os seus romances xa se iniciaron. Hai (auto) ironía neste enlace de peripecias levadas sempre ao fracaso. Que sutileza a de Denis neste cambio de rexistro con respecto a todo o seu cinema anterior, grávido ou desalmado. Canta piedade, canto humor neste paseo polos amores evanescentes. E que confluencia final mirífica a de Binoche cun descomunal Gerard Depardieu.

SAB 18, 17:45 | DOM 19, 17:30 | MAR 21, 20:00

VISAGES, VILLAGES / CARAS E LUGARES [2017]

Agnès Varda e JR

Francia / 89 min. / Documental / Francés

Ficha técnica:

Fotografía: Romain Le Bonniec, Claire Duguet, Nicolas Guicheteau, Valentin Vignet
Música: Matthieu Chedid
Produción: ARTE France Cinéma / Ciné Tamaris / Social Animals

Sinopse:

Colaboración entre a veterana directora Agnès Varda e JR, artista francés coñecido polas súas impactantes obras visuais que consisten en enormes intervencións gráficas en rúas e tellados.

— Mellor documental no Festival de Toronto 2017



Aos seus 89 anos, Agnès Varda saíenos cunha *road-movie* dionisiaca e febril. Un percorrido, xunto ao fotógrafo e graffiteiro J.R. (nunha versión insólita e felicísima do subxénero das películas de colegas) pola Francia profunda, onde paran a falar coa xente. Deses diálogos improvisados xorden algunhas claves do que son as ruínas da Francia republicana e a explicación do auxe Le Pen. Este filme indómito ofrece perlas como a visita á casa do antigo amigo e actual eremita Jean Luc Godard, a quen Varda non perdoo que se faga o sueco e chámalle "rata inmunda". E tran-sita o filme polas rutas da lucidez, o sarcasmo, a celebración da vida.

MER 15, 17:45 | XOVI 16, 20:30 | SAB 18, 21:45

WESTERN [2017]

Valeska Grisebach

Alemaña, Bulgaria, Austria / 121 min. / Ficción / Alemán, búlgaro, inglés

Ficha artística:

Meinhard Neumann, Reinhardt Wetrek, Waldemar Zang

Ficha técnica:

Guión: Valeska Grisebach

Fotografía: Bernhard Keller

Producción: Komplizen Film

Sinopse:

Un grupo de obreiros alemáns comeza a traballar nun remoto lugar da campiña búlgara. A terra afastada esperta o sentido aventureiro dos homes, pero tamén teñen que enfrontarse aos seus propios prexuízos e desconfianzas polas barreiras lingüísticas e culturais.

— Seleccionada para a sección Un Certain Regard en Cannes 2017



Un dos fitos do último Cannes, excluído incomprensiblemente da loita pola Palma de ouro. Valeska Grisebach -directora relevante da chamada escola de Berlín que levaba once anos sen filmar, un período de tempo aínda máis inexplicable á vista das dimensións de *Western*- retorna cunha obra de natureza indomable, un filme salvaxe que parte dunha premisa narrativa xa de seu inclasificable: os seus protagonistas son un grupo de traballadores dun arduo proxecto hídrico, en territorio fronteiro entre Bulgaria e Grecia. Pero eses últimos mohicanos da *working class* non pertencen a ningunha etnia discriminada nin a un país xerador de masas de migrantes.



#CINEUROPA31

SANTIAGO DE COMPOSTELA
DO 7 AO 28 DE NOVEMBRO DE 2017

PANORAMA INTERNACIONAL

MAR 14, 23:00 | MER 15, 18:15 | VEN 24, 16:15

78/52 [2017]

Alexandre O. Philippe

Estados Unidos / 91 min. / Documental / Inglés

Ficha artística:

Jamie Lee Curtis, Elijah Wood, Bret Easton Ellis, Danny Elfman

Ficha técnica:

Fotografía: Robert Muratore

Música: Jon Hegel

Producción: ARTE / Exhibit A Pictures / Milkhaus

Sinopse:

Foi a principios dos 70 cando Hitchcock deixou que a protagonista de *Psicose* morrese pasados apenas corenta minutos de película, nunha escena que ía poñer patas para arriba o cinema. Alexandre O. Philippe, cinéfilo irredento, disecciona os 52 planos do filme.



A secuencia que revolucionou o *star-system* e conmocionou ás audiencias. A ducha de *Psicose* e a aniquilación da súa estrela cando apenas transcorrían 40 minutos da súa metraje. E non creo que ningún poida falar, a estas alturas, de *spoiler*. Unha análise da súa xestación, da influencia nela de Saul Bass, da introdución final da xa indisoluble banda sonora chirriante de Bernard Herrmann. E con achegas dun persoal variado que vai do canónico Peter Bogdanovich ao ubicuo Guillermo del Toro, pasando por novelistas representativos da violencia innata como Bret Easton Ellis, compositores como Danny Elfman ou a filla da masacrada Janeth Leigh, Jamie Lee Curtis. Absórbesse con devoción e sáese con ganas compulsivas de ingresar noutra sala de cinema onde se proxecta, íntegra, a viaxe de Janeth Leigh ao motel de Norman Bates.

VEN 10, 23:15 | VEN 17, 23:15

ARÁBIA [2017]

Affonso Uchoa, João Dumans

Brasil / 96 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Aristides de Sousa, Murilo Caliai, Glauca Vandeveld, Renata Cabral

Ficha técnica:

Guión: Affonso Uchoa, João Dumans

Fotografía: Leonardo Feliciano

Música: Francisco Cesar, Christopher Mack

Producción: Katásia Filmes, Vasto Mundo, Pique-Bandeira Filmes

Sinopse:

André é un adolescente que vive nun barrio pobre Brasil. Un día descobre o diario de Cristián, un obreiro que acaba de falecer nun accidente. A través da súa lectura, a película vaíse mergullando na vida do obreiro. Cun estilo neorrealista, a película aborda a traxedia humana desde o seu día a día. Non pretende esaxerar a infelicidade dos personaxes, senón remarcar neles ese sentimento de abandono e melancolía que os acompaña.



É o interese polo universo laboral, pola condición obreira o que reuniu a João Dumans e Affonso Uchoa, realizadores que se interrogan sobre o mundo contemporáneo. "É así como deben vivir os homes?" preguntábase o protagonista no seu diario íntimo, un cuestionamento eminentemente político que é levado á pantalla dun modo delicado, poético e cunha acertada elección da música que forma parte da vida deses personaxes tan reais como entrañables. Unha película magnífica, de voo lírico, en forma de *road-movie* vital, unha viaxe imprescindible que nos mergulla na zona fóra de foco do Brasil profundo da era Lula.

MER 22, 21:45 | VEN 24, MARATÓN

AS BOAS MANEIRAS [2017]

Juliana Rojas, Marco Dutra

Brasil, Francia / 135 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Isabél Zuaa, Marjorie Estiano, Miguel Lobo, Cida Moreira

Ficha técnica:

Guión: Marco Dutra, Juliana Rojas

Fotografía: Rui Poças

Música: Guilherme Garbato, Gustavo Garbato

Producción: Canal+ / Centre National de la Cinématographie

Sinopse:

Clara é contratada como aia dun neno non nado. Contra todo prognóstico, as dúas mulleres desenvolven un forte vínculo. Pero unha noite fatídica cambian os seus plans.

— Premio especial do xurado no Festival de Locarno 2017

— Premio da crítica en Sitges 2017



Atención á que é unha das películas do ano da cal só teremos un pase, á parte do incluído no maratón. O brasileiro Marco Dutra e Juliana Rojas, que xa esbozaron o seu talento en *Trabalhar cansa*, ofrecen unha obra magna, que arrinca como magnética historia de amor entre mulleres e deriva cara a unha relectura vivificante do mito do home-lobo que se incrusta no costumismo, no musical popular, no drama emotivo de pequeno *savage* e a nai coraxe. E mixtura *As Boas Maneiras* eses elementos de tenrura e licanotropía con tal forza de cinema libertario que a súa carga poética elévase por encima de xéneros e normas e transita no seu voo alto onde só chega o cinema forxado para a inmortalidade. Imprescindible.

SAB 25, 19:45 | LUN 27, 22:15 | MAR 28, 19:45

BAMUI HAEBYUNAESO HONJA (ON THE BEACH AT NIGHT ALONE) / NA PRAIA, SOA DE NOITE

[2017]

Hong Sang-soo

Corea do Sur, Alemaña / 101 min. / Ficción / Coreano, inglés, alemán

Ficha artística:

Kim Min-Hee, Seo Young-Hwa, Jung Jae-Young, Moon Sung-Keun

Ficha técnica:

Guión: Hong Sang-soo

Fotografía: Kim Hyungkoo, Park Hongyeol

Producción: Jeonwonsa Film Company

Sinopse:

Tras manter unha relación cun home casado, a actriz Younghee decide tomarse un tempo para viaxar e reflexionar.

— Oso de prata á mellor actriz no Festival de Berlín 2017



É preciso coñecer o transfondo autobiográfico de Hong Sang-soo para chegar ao fondo desta obra na cal o cineasta abre en canle a súa intimidade esnaquizada polo seu divorcio, provocado pola súa historia de amor coa actriz Kim Min-hee. O filme pescuda no sentimento de perda desa actriz que agarda a chegada do seu amante, un cineasta que nunca vai aparecer. É cinema máiusculo, dun romanticismo fatalista.

LUN 27, 20:15 | MAR 28, 20:00

EN ATTENDANT LES HIRONDELLES / THE NATURE OF TIME [2017]

Karim Moussaoui

Francia, Alxeria / 115 min. / Ficción / Árabe, francés

Ficha artística:

Aure Atika, Hania Amar, Mohamed Djouhri, Sonia Mekkiou

Ficha técnica:

Guión: Karim Moussaoui, Maud Ameline

Fotografía: David Chambille

Producción: Les Films Pelleas / Niko Film / Prolegomnes

Sinopse:

Na Alxeria actual, pasado e presente chocan nas vidas dun novo rico, unha moza que se debate entre o sentimento e a razón, e un ambicioso neurólogo trastornado polos seus actos de guerra.



Karim Moussaoui elixe para a súa ópera prima presentada en Cannes, un tríptico que apunta moitas pistas para ler o pulso da sociedade alxerina, marcado polas feridas do pasado e polos lastres dunha tradición sexista. Unha primeira ficción mostra como un home de negocios non actúa conforme aos ideais cívicos que defende. A segunda das historias revela as celas dos matrimonios de conveniencia. E a última devolve ao seu protagonista aos cadáveres no armario da sanguenta guerra civil da última década do século pasado. Asombra a seguridade coa que o debutante Moussaoui orquestra as tres historias. A peza amosa un panorama do estado de ánimo dun país con demasiados conflitos.

DOM 12, 19:30 | MAR 14, 19:30 | VEN 17, 18:15

EX LIBRIS: NEW YORK PUBLIC LIBRARY [2017]

Frederick Wiseman

Estados Unidos / 197 min. / Documental / Inglés

Ficha técnica:

Fotografía: John Davey

Producción: Distribuída por Zipporah Films

Sinopse:

Unha detallada mirada ao interior da famosa Biblioteca Pública de Nova York.

— Premio FIPRESCI no Festival de Venecia 2017



O máis grande documentalista vivo, o case nonaxenario Frederick Wiseman, non dá mostras de cansazo creativo. Tras as centais *In Jackson Heights* e *National Gallery*, proponnos unha reivindicación dunha gran biblioteca pública como un espazo de civismo e de respecto cara o outro, indisoluble da hostilidade e crispación que se instalou en Norteamérica. Desde a súa óptica de gran angular, Wiseman compón unha sinfonía de puntos de vista, de intervencións de figuras relevantes da (contra)cultura ou de usuarios do montón da institución. E dese precioso magma rexorde a New York Public Library como oasis veraz de liberdade nun país polucionado polo populismo zafio, o odio, os *fakes* e a necia post-verdade.

MAR 7, 22:30 | XOV 9, 18:15 | VEN 10, 21:30

GEU-HU / THE DAY AFTER [2017]

Hong Sang-soo

Corea do Sur / 92 min. / Ficción / Coreano

Ficha artística:

Min-hee Kim, Hae-hyo Kwon, Saebyuk Kim, Yunhee Cho

Ficha técnica:

Guión: Hong Sang-soo

Fotografía: Kim Hyung-koo

Música: Hong Sang-soo

Producción: Jeonwonsa Film

Sinopse:

Areum dispónse a vivir o seu primeiro día de traballo nunha pequena editorial. Bongwan, o seu xefe, mantíña unha relación amorosa coa muller á que ela substitúe. Ese día, como todos, Bongwan abandona o domicilio conxugal moito antes da alba para ir traballar. Non deixa de pensar na muller que o abandonou. Ese mesmo día, a súa muller atopa unha carta de amor. Preséntase no despacho sen avisar e confunde a Areum coa muller que marchou.



De novo a ruptura amorosa, a labazada que evidencia que nunha relación de tres adoita sobrar un. Hong Sang-soo, en plena forma, ganduxa outra comedia de enredos sentimentais e, entre conversacións aparentemente banais, acompañadas do imprescindíbel grol de sake, vaise afirmando correntes de fondo. A sinuosa marea dos amantes abandonados, dos que xogan a dúas bandas, neste sutil e só en aparencia sinxelo xogo de equívocos que competiu en Cannes.

SAB 11, 17:45 | LUN 13, 23:30 | MAR 14, 20:30

HIKARI / CARA A LUZ [2017]

Naomi Kawase

Xapón, Francia / 101 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Masatoshi Nagase, Ayame Misaki, Tatsuya Fuji, Kazuko Shirakawa

Ficha técnica:

Guión: Naomi Kawase

Fotografía: Arata Dodo

Música: Ibrahim Maalouf

Producción: Kumie

Sinopse:

A Misako gústalle describir o mundo que a rodea. A súa profesión como audiodescritora de películas é toda a súa vida. Durante unha proxección, coñece un famoso fotógrafo cuxa vista se vai deteriorando irremediamente. Nacen entón sentimentos irreprimibles entre un home que perde a luz e unha muller que a persegue.

— Premio do xurado ecuménico no Festival de Cannes 2017



De Naomi Kawase vimos en Cineuropa desde *O bosque do loito* ou *Still the Water* ata a máis recente *An (Unha pastelería en Toquio)*. *Radian-ce* é cinema que fala sobe cinema, a partir da mirada declinante dun fotógrafo que se está vendo abocado á cegueira. Por riba dalgúns subliñados de preciosismo visual, imponse un interesante discurso sobre o esgotamento do creador e sobre a procura da luz, un tema central en toda a filmografía de Kawase. Tivo o Premio Ecuménico como consola-ción na súa candidatura á Palma de ouro en Cannes.

LUN 20, 20:00 | SAB 25, 21:30 | DOM 26, 23:00

L'INSULTE [2017]

Ziad Doueiri

Libano, Francia, Estados Unidos, Bélxica, Chipre / 112 min. / Ficción / Árabe

Ficha artística:

Kamel El Basha, Christine Choueiri, Adel Karam, Camille Salameh, Diamand Bou Abboud, Rita Hayek, Talal Jurdi

Ficha técnica:

Guión: Ziad Doueiri, Joelle Touma

Fotografía: Tommaso Fiorilli

Música: Éric Neveux

Produción: Rouge international / Tessalit Productions / Douri Films / Ezekiel Film Production / Scope Pictures / Cohen Media Group

Sinopse:

Toni, cristián libanés, rega as plantas do seu balcón, un pouco de auga derrámase sobre o palestino Yasser. Yasser, furioso, insulta a Toni. Este decide levar o asunto ante a xustiza. Así comeza un longo conflito que enfronta a palestinos e cristiáns libaneses.

— Mellor actor (Kamel El Basha) no Festival de Venecia 2017



Ziad Doueiri explica con esmagadora eficacia o explosivo do *melting pot* estrutural da sociedade libanesa. Un conflito persoal é a espoleta para sacar á luz a tensión entre a poboación palestina e a libanesa de orixe, as pantasma da memoria recente e arumbada cara ao esquecemento polas matanzas de Sabra e Chatila. É cinema político e, ao tempo, emanación dunha loita individual pola dignidade.

SAB 11, 17:30 | DOM 12, 19:45

LAS HIJAS DE ABRIL [2017]

Michel Franco

México / 103 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Emma Suárez, Ana Valeria Becerril, Hernán Mendoza, Joanna Larequi

Ficha técnica:

Guión: Michel Franco

Fotografía: Yves Cape

Produción: Lucía Films

Sinopse:

Valeria ten 17 anos e está embarazada. Vive en Puerto Vallarta coa súa irmá Clara. Valeria non quería que a súa nai, a miúdo ausente, estivese ao corrente do seu embarazo pero, a causa do custo e da responsabilidade que supón un neno, Clara decide recorrer a ela. Abril instálase con elas, aparentemente desexosa de axudarlles ás súas fillas, pero coa chegada do bebé o seu comportamento cambia.

— Premio do xurado na sección Un Certain Regard en Cannes 2017



O mexicano Michel Franco, un dos *golden boys* de Cannes, non se anda con leas á hora de abordar territorios incómodos ou de falar da familia como foco de insanias. Así, en *Las hijas de Abril* non se explican as razóns de fondo de tanta crueldade por parte dunha nai saturnal. Ese desasosego que xera o rol desnaturalizado dunha nai depredadora asúmeo sobre as súas costas unha magnífica Emma Suárez. Michel Franco tivo, por terceira vez, premio en Cannes, esta vez na sección 'Un Certain Regard'.

MAR 21, 18:15 | MAR 28, 16:15

LIVE FROM DHAKA [2016]

Abdullah Mohammad Saad

Bangladés / 91 min. / Ficción / Bengalí

Ficha artística:

Mostofa Monwar, Tanvir Ahmed Chowdhury, Mosharraf Hossen, Shimul Joy, Tasnova Tamanna, Uzzal Afjal

Ficha técnica:

Guión: Abdullah Mohammad Saad

Fotografía: Tuhin Tamijul

Produción: Khelna Chobi

Sinopse:

Na sufocante realidade de Dhaka, Sazzad atópase nun cu de saco. Presionado polos acredores desapiadados, abandonado pola súa moza que xa non atura os seus celos obsesivos, Sazzad comeza unha loita desesperada pola supervivencia, animado por un obxectivo: emigrar.



Estrea absoluta en España deste filme que sorprendeu en Róterdam. Abdullah Mohammad Saad filma o seu protagonista como en una evocación dos agonistas de Martin Scorsese: un home torturado interiormente polas súas débedas, pola ruptura coa súa parella, polas castañas que ten que sacar do lume ao seu irmán drogadicto. E ou seu descenso aos infernos, filmado en climático branco e negro, parecería guionizado por un proteico Paul Schrader. Un canellón sen outra vía de escape que a fuxida física que parece non chegar. Un descubrimento do festival, xoia de cinema recóndito e magno. Non a deixen pasar de longo.

LUN 27, 18:30 | MAR 28, 18:00 | MAR 28, 22:00

LUCKY [2017]

John Carroll Lynch

Estados Unidos / 88 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Harry Dean Stanton, Ed Begley Jr., Beth Grant, James Darren, Barry Shabaka Henley, Yvonne Huff, Hugo Armstrong, Bertila Damas

Ficha técnica:

Guión: Logan Sparks, Drago Sumonja

Fotografía: Tim Suhrstedt

Música: Elvis Kuehn

Produción: Superlative Films / Divide / Conquer / Lagralane Group.

Sinopse:

Lucky é á vez unha carta de amor á vida e á carreira de Harry Dean Stanton, así como unha reflexión sobre a mortalidade, a soidade e a espiritualidade.

— Premio do xurado ecuménico no Festival de Locarno 2017



Ver a Harry Dean Stanton, nonaxenari, seguindo a súa rutina, facendo ximnasia, tomando o seu Bloody Mary no bar que é prolongación da súa vivenda, é xa un agasallo que chama as portas do ceo. Pero, moito máis alá diso, *Lucky* debuxa un máis que interesante discurso sobre as crenzas relixiosas e o ateísmo. Ofrécenos un poboación de Texas humanizado -outra maneira de responder á onda Trump- e algunhas aparicións especiais de luxo, como as de Tom Skerritt ou un David Lynch, amigo de longo tempo deste Harry Dean Stanton que se traballa unha pleitesía *in memoriam*.

SAB 11, 17:30 | LUN 13, 17:45

MAÑANA A ESTA HORA [2016]

Lina Rodríguez

Colombia, Canadá / 85 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Laura Osma, Maruía Shelton, Francisco Zaldua, Clara Monroy, Catalina Cabra, Francisco Restrepo, Juan Miguel Santana, Juan Pablo Cruz Pablo, Valentina Gómez, Alejandra Adarve, Kala Cruz, Martha Eneried Gómez, Carlos Lozada, Liliana Posada Leño, Fabián Jimenez

Ficha técnica:

Guión: Lina Rodríguez
Fotografía: Alejandro Coronado
Edición: Lina Rodriguez, Brad Deane
Producción: Rayon Vert

Sinopse:

Adelaida, unha fermosa moza de dezasete anos, vive cos seus pais: Lena, unha planificadora de eventos, e Francisco, un escultor e profesor de arte. Xuntos, gozan dunha cómoda vida familiar nun apartamento de Bogotá. Pero axiña as gretas comezan a verse na fachada desta familia perfecta. Dado que Francisco non se involucra nos detalles do seu fogar, a meirande parte dos traballos domésticos e a crianza da súa filla recaen sobre a angustiada Lena. Na etapa máis álxida da súa angustia adolescente e enfrontando a súa propia crise de identidade, Adelaida choca coa súa nai: nun momento é doce, cariñosa e aplicada; ao seguinte, salvaxe, tempestuosa e desafiante, quedando fóra ata tarde para pasar tempo cos seus amigos e coquetear con mozos. Ata que a traxedia golpea. Perturbada, a familia deberá enfrontar o seu reto máis grande ata o momento.



XOV 23, 21:45 | VEN 24, 18:00

MANSFIELD 66/67 [2017]

P. David Ebersole, Todd Hughes

Ficha artística:

Coa colaboración de Ann Magnuson, Richmond Arquette, Kenneth Anger, A.J. Benza, Sue Bernard, Joshua Grannell, Tippi Hedren

Ficha técnica:

Fotografía: Larra Anderson, John Tanzer
Música: Robert Davis, James Peter Moffatt
Producción: The Ebersole Hughes Company

Sinopse:

En 2017 fanse 50 anos da morte de Jayne Mansfield nun accidente de coche, unha traxedia que aínda dispara rumores de todo tipo.



Moito máis que un docu sobre a bomba louira que xurdiu como sucedáneo ou recambio posible de Marilyn Monroe, *Mansfield 66/67* é obra autoral rica en lecturas: o levantamento de acta da defunción do *star-system*, a deriva de Jayne Mansfield como xoguete roto, a bacanal *kitsch* que podería subscribir Mark Rapaport. E, sobre todo, a lenda negra ou a trama de conspiración que rodeou a súa macabra morte, decapitada no seu coche deportivo. E aí xorde un personaxe real que parece ideación dun guionista lúcido: Anton LaVey, fundador da Igrexa de Satán e asesor espiritual de Jayne Mansfield e doutras celebridades como Sammy Davis Jr. Sobre esa relación con LaVey, o filme artella unha teoría do complot, como se a cabeza da actriz caese vítima dunha misa negra. A modo de eco premonitorio da familia Manson que viría alagar de satanismo e sementes do mal aquel Hollywood Babilonia no cal Jayne Mansfield foi unha fugaz louira no cume.

VEN 17, 20:45 | MAR 21, 19:00

MULHER DO PAI [2016]

Cristiane Oliveira

Brasil, Uruguai / 94 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Maria Galant, Marat Descartes, Verónica Perrotta, Áurea Baptista

Ficha técnica:

Guión: Cristiane Oliveira, Michele Frantz
Fotografía: Heloísa Passos
Música: Arthur de Faria
Producción: OKNA Produções / Transparent Films / Crisol Filmes

Sinopse:

Nunha pequena comunidade próxima á fronteira de Brasil con Uruguai, viven Nalu, de 16 anos de idade, e o seu pai cego Rubén, de 39. Logo da morte da súa avoa, Nalu queda ao coidado do seu pai. Agora deben aprender a tratarse como pai e filla.

— Mellor director, mellor fotografía e mellor actriz secundaria no Festival Internacional de Cine de Río de Janeiro 2016



Un filme nutrido de sensacións, contundente sen perder de vista a tenrura, especialmente con respecto á singularidade da radiografía familiar. Non hai ben ou mal, viláns ou heroes nesa trama tecida nunha constante apertura de feridas que sangran e expoñense para logo sanar. Cristiane Oliveira demostra habilidade e, sobre todo, sensibilidade para tratar cada momento como peza única, cada mirada, cada xesto co seu exacto peso dramática. A moza soña con Uruguai, mentres o home, no seu escuro illamento, teme a súa soidade, No fondo, os seus temores e desexos son practicamente os mesmos.

MER 8, 23:00 | XOY 9, 21:45

MY FRIEND DAHMER / MEU AMIGO DAHMER [2017]

Marc Meyers

Estados Unidos / 107 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Ross Lynch, Vincent Kartheiser, Anne Heche, Dallas Roberts

Ficha técnica:

Guión: Derf Backderf, Marc Meyers
Fotografía: Daniel Katz
Música: Andrew Hollander
Producción: Ibid Filmworks / Aperture Entertainment

Sinopse:

Antes de que Jeffrey Dahmer se convertese nun dos asasinados en serie máis notorios, era un tipo solitario. Ata que atraeu a varias persoas.

— Sección oficial no Festival de Sitges 2017



Aquí teñen outra das perlas emboscadas na nosa programación. Marc Meyers proponnos un achegamento á figura dun asasino en serie, o coñecido como Carniceiro de Milwaukee. Porque o o que nos ofrece o filme é o retrato do novo psicópata adolescente. De *freak* inadaptado que se mimetiza en bufón para ser aceptado. Vemos, con sabia mesura, como sofre os traumas dunha familia desestruturada. Pero non desemboca nunha orxía de violencia. O aprendiz de monstro só disecciona ras mentres convive coa súa homosexualidade mal asumida. É un dos máis orixinais filmes realizados sobre *serial killers*, contemplado só como principiante do horror por vir.

MER 15, 22:30 | VEN 17, 21:30

NO INTENSO AGORA [2017]

João Moreira Salles

Brasil / 127 min. / Documental / Português

Ficha artística:

Daniel Cohn-Bendit, Alain Geismar, Jacques Sauvageot

Ficha técnica:

Guión: João Moreira Salles

Edición: Eduardo Escorel, Laís Lifschitz

Música: Rodrigo Leão

Producción: Videofilmes Produções Artísticas Ltda.

Sinopse:

Realizada tras o descubrimento da metraxa amateur rodada en China en 1966, durante a primeira e máis radical fase da Revolución Cultural, fala da natureza fugaz dos momentos máis intensos.



Presentada na pasada Berlinale, velaqui o mellor filme visto nese festival e un dos tres que o equipo de Cineuropa prefere de toda a colleita o ano. João Moreira Sales -irmán listo de Walter Sales- reformula o tratamento das imaxes de arquivo para construír unha historia das revolucións do 68 como nunca foran contadas. O seu relato do que foi o Maio francés está á altura do logrado por Chris Marker. Como a Primavera de Praga, a tímida revolta no Brásil baixo ditadura militar. E a súa preciosa mestura coas películas familiares que os seus pais filmaron nunha viaxe a China, presentada como remanso de paz no medio da terrible "revolución cultural". Respirose así como un arrebatado *thriller* histórico sobre aqueles cimentos que brevemente treremon. E é tal o virtuosismo no ritmo e a montaxe dese material de arquivo que a película vivese como adrenalinico relato en tempo real. De visión obrigada.

MER 8, 21:15 | VEN 10, 19:45

PAYS [2016]

Chloé Robichaud

Canadá / 100 min. / Ficción / Francés, inglés

Ficha artística:

Emily VanCamp, Macha Grenon, Nathalie Doummar, Rémy Girard, Serge Houde, Sophie Faucher, Yves Jacques

Ficha técnica:

Guión: Chloé Robichaud

Fotografía: Jessica Lee Gagné

Música: Simon Bertrand

Producción: Item 7 / La Boîte à Fanny / Morag Loves Company

Sinopse:

Emily Price intenta equilibrar a súa vida familiar e conduce as negociacións entre un político canadense e o presidente dun país cuxos recursos naturais están a ser explotados.

— Mellor directora novel no Festival de Cine Internacional de Seattle 2017



Desde as imaxes de ondas que aparecen ao comezo, é posible partir cara ao horizonte e xa non volver. A directora posúe unha fascinación formal polos cadros coidados e especialmente polas liñas. Estes trazos ubicuos atrapan aos personaxes nos seus corpos e a súa contorna. Aos poucos logran afirmarse, libéranse e as liñas se deconstrúen como por encanto. Un aire de liberdade e de sinceridade atravesa este filme, dunha directora que xa sorprendera coa súa anterior *Sara prefere correr* e que outra vez pon na mira ao cinema de Québec.

VEN 10, 17:30 | SAB 11, 22:45

RULES DON'T APPLY / A EXCEPCIÓN Á REGRA [2016]

Warren Beatty

Estados Unidos / 127 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Alden Ehrenreich, Lily Collins, Warren Beatty, Candice Bergen

Ficha técnica:


Guión: Warren Beatty (Historia: Warren Beatty, Bo Goldman)

Fotografía: Caleb Deschanel

Producción: Fox / New Regency Pictures / RatPac Entertainment

Sinopse:

Hollywood, 1958. Marla Mabrey chega a Los Ángeles para traballar para Howard Hughes. No aeroporto coñece o seu chofer, Frank Forbes, e a súa atracción é instantánea, cousa que Hughes non acepta.



Aos 80 anos, Beatty foi quen de levantar outra película persoal: o seu tratamento da figura multiprismática pero escura de Howard Hughes, millonario, megalómano, adicto á codeína, incómodo para o sistema, desde o FBI á Casa Branca. Fascina o tempo alleo ao cinema actual e a ambigüidade coa que Beatty retrata a Hughes, infinitamente máis interesante que a prosaica visión de Scorsese en *O aviador*. Move a ternura ver como un nutrido grupo de camaradas e cómplices (Candice Bergen, Ed Harris, Oliver Platt, Alec Baldwin, Martin Sheen, Paul Sorvino e, claro, Annette Bening) súmanse a este proxecto anacrónico pero reboante de encanto, de golpes de humor ou resabios de clasicismo. E mesmo constatar que Beatty, superados os oitenta, resistese a deixar de ser o sedutor que Woody Allen inmortalizou nunha frase.

MER 8, 18:30 | DOM 19, 20:00

UN SECRETO EN LA CAJA [2016]

Javier Izquierdo

Ecuador, España / 71 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Alfredo Espinosa, Michael Thomas, Ángel Gavilánez, Yolanda Acosta, Antonio Ordoñez, José Ignacio Donoso, Christoph Baumann

Ficha técnica:

Guión: Javier Izquierdo, Jorge Izquierdo

Fotografía: Tomás Astudillo

Edición: Javier Izquierdo, Carmen Colino, Juan Rhon

Producción: Isabella Parra e Javier Izquierdo / Caleidoscopio Cine

Sinopse:

Documental que explora a vida do escritor ecuatoriano Marcelo Chiriboga, figura mítica do boom latinoamericano, o fenómeno literario da década de 1960. A través de entrevistas, visitas a distintas cidades, material de arquivo e o libro máis importante do escritor, *La línea imaginaria*, técese un crebacabezas que borra os límites entre realidade e ficción.

— Mellor director latinoamericano e FIPRESCI no BAFICI 2017

— Mellor longametraxe iberoamericana no Festival Internacional da Cinemateca de Montevideo 2017



A figura de Chiriboga termina sendo unha escusa para explorar, desde o humor e a ironía, varios temas que se relacionan coa identidade de Ecuador como país: o pasado bélico, a indiferenza cara á literatura local, os complexos e conflitos do ideario nacional, o exilio e a literatura.

YOU WERE NEVER REALLY HERE / EN REALIDADE, NUNCA ESTIVE-CHES AQUÍ [2017]

Lynne Ramsay

Reino Unido, Francia, Estados Unidos / 95 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Joaquin Phoenix, Alessandro Nivola, John Doman, Judith Roberts

Ficha técnica:

Guión: Lynne Ramsay (Novela: Jonathan Ames)

Fotografía: Tomas Townend

Música: Jonny Greenwood

Producción: Page 114 / Why Not Productions

Sinopse:

A filla dun senador desaparece. Joe, un duro e atormentado veterano, lánzase na súa procura.

— Mellor actor principal e mellor guión no Festival de Cannes 2017



Na tradición dos *killers* deshabitados, rotos polos traumas do seu pasado, Joaquin Phoenix dáse un banquete no seu rol de samurai nihilista, de matador demolido no que Ramsay filma como un *thriller* de conspiración desosado de guión e de picos dramáticos. A trama minimalista está sempre ao servizo da viaxe ao fin da noite deste herdeiro de Travis Bickle, este asasino que funciona como máquina de aniquilar e polo cal un colosal Joaquin Phoenix obtivo un indiscutible premio de interpretación en Cannes. Obra brusca, catártica, memorable.

ZAMA [2017]

Lucrecia Martel

Arxentina, Brasil, España, Francia, Holanda, México, Portugal, Estados Unidos / 115 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Daniel Gimenez Cacho, Lola Dueñas, Matheus Nachtergaele

Ficha técnica:

Guión: Lucrecia Martel (novela de Antonio di Benedetto)

Fotografía: Rui Poças

Montaxe: Miguel Schverdfinger, Karen Harley

Producción: Rei Cine, Bananeira Filmes, El Deseo, Patagonik

Sinopse:

Diego de Zama, funcionario da administración colonial, agarda un barco que traía unha carta coa súa promoción para así volver a casa. Pero o tempo pasa, os gobernadores mudan e a carta nunca chega.



Aproxímense á nova película da arxentina Lucrecia Martel como a unha experiencia meta-cinematográfica. Porque o que parecía suicida -adaptar a novela de Antonio Di Benedetto- convértese nun proceso de inmersión na irrealidade. Como o propio Zama, que encarna Daniel Giménez-Cacho, a ausencia dun eixo temporal ou narrativo consolidado vai desnortando: mergúllanos nun estado de atordamento, envoltidos nesa atmosfera febril onde é imposible separar o soñado do real. É *Zama* obra de natureza semella que irrepitible. Se queren unha verdadeira incrustación no interior da historia, atrévanse a esta viaxe equinoccial e paranoica. Cinema áureo, arriscado, polo cal se atreveron a apostar, entre outros, os irmáns Almodóvar a través de El Deseo.

Cinemas DE GALICIA



- ALLARIZ
- AS PONTES
- BUEU
- CARIÑO
- CEDEIRA
- CELANOVA
- FOZ
- O GROVE
- ORTIGUEIRA

f cinemasdegalicia
www.agadic.gal/cinemasdegalicia

AGADIC

XUNTA DE GALICIA

PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA

SAB 18, 19:30

EDEN À L'OUEST / EDÉN AO OESTE [2009]

Costa-Gavras

Francia, Grecia, Italia / 110 min. / Ficción / Francés, alemán, grego, inglés

Ficha artística:

Riccardo Scamarcio, Ulrich Tukur, Juliane Köhler, Eric Caravaca, Jean-Christophe Folly, Anny Duperey, Ieroklis Mihailidis, Annie Loulou, Dina Mihailidou, Constatinos Markoulakis, Antoine Monot, Florian Martens, Murali Perumal

Ficha técnica:

Guión: Costa-Gavras, Jean-Claude Grumberg
Fotografía: Patrick Blossier
Música: Armand Amar
Producción: KG Productions

Sinopse:

Elías é un mozo emigrante que debe afrontar numerosos contratempos para entrar ilegalmente na Unión Europea. Ao igual que Ulises na Odisea enfrontase con valentía ao mar Exeo. Pero Elías non é un heroe grego e, despois innumerables peripecias, remata o seu periplo en París. Edén ao oeste é un intento de recrear a viaxe daqueles que cruzaron terras e océanos embravecidos á procura dun fogar. Costa-Gavras mostra con sensibilidade, e mesmo con humor, unha realidade que, por desgraza, continúa vixente.



SAB 11, 19:30

EL AUTOR [2017]

Manuel Martín Cuenca

México / 114 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Javier Gutiérrez, María León, Antonio de la Torre, Adriana Paz, Tenoch Huerta, Adelfa Calvo, Rafael Téllez


Ficha técnica:

Guión: Manuel Martín Cuenca, Alejandro Hernández (Novela: Javier Cercas)
Fotografía: Pau Esteve Birba
Directora de arte: Sonia Nolla
Producción: Icónica Producciones / Lazona / La Loma Blanca PC.

Sinopse:

Álvaro é un pobre home atrapado na súa obsesión: escribir gran literatura. Asiste á típica escola de escritura e a canto obradoiro imparta o gurú do momento, pero non ten talento. Quizais a súa muller tampouco o teña, pero acaba de escribir un best-seller. A separación é inevitable. Na súa nova vida, só e de aluguer nun pequeno apartamento, escribe por vez primeira sobre personaxes de carne e óso, os seus veciños. O seu profesor ánimo, a descrición dos personaxes son reais, pero tamén lle advirte que é necesario conflito: sen conflito non hai historia, non hai acción, non hai vida.

— Premio FIPRESCI (Special Presentations) no Festival de Cine de Toronto 2017



MAR 14, 20:00

EL OTRO HERMANO [2017]

Israel Adrián Caetano

Arxentina, Uruguai, España, Francia / 112 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Leonardo Sbaraglia, Daniel Hendler, Ángela Molina, Pablo Cedrón, Alián Devetac, Alejandra Flechner

Ficha técnica:

Guión: Israel Adrián Caetano, Nora Mazzitelli (Novela: Carlos Busqued)
Fotografía: Julián Apezteguia
Música: Iván Wyszogrod
Producción: Rizoma

Sinopse:

Cetarti, exfuncionario público, viaxa desde Bos Aires a un solitario pobo na provincia do Chaco onde debe facerse cargo dos cadáveres da súa nai e o seu irmán, que foron asasinados. Con todo, o que realmente quere é cobrar un modesto seguro de vida para se mudar a Brasil. No pobo coñece a Duarte, unha especie de "capo" do pobo con quen establece unha estraña sociedade para xestionar e cobrar eses cartos. Nese lugar sen lei, Cetarti verase envolido nos escuros negocios de Duarte.

— Mellor actor (Leonardo Sbaraglia) no Festival de Málaga 2017



DOM 19, 19:45

ESTIU 1993 / VERÁN 1993 [2017]

Carla Simón

España / 97 min. / Ficción / Catalán

Ficha artística:

Laia Artigas, Bruna Cusí, David Verdaguer, Paula Robles, Paula Blanco, Etna Campillo, Jordi Figueras, Dolores Fortis, Titón Frauca, Cristina Matas, Berta Pipó, Quimet Pla, Fermí Reixach, Isabel Rocatti, Montse Sanz, Tere Solà, Josep Torrent

Ficha técnica:

Guión: Carla Simón
Fotografía: Santiago Racaj
Música: Ernest Pipó
Producción: Inicia Films / Avalon P.C

Sinopse:

Frida, unha nena de seis anos, afronta o primeiro verán coa súa nova familia adoptiva tras a morte da súa nai. Ficción sobre a infancia dunha nena que debe aprender a encaixar nun novo mundo.

— Mellor ópera prima no Festival de Berlín 1997

— Biznaga de ouro e Premio Feroz da crítica no Festival de Málaga 2017

— Seleccionada por España para os Oscar 2018



DOM 19, 19:45

LLACUNES [2016]

Carla Simón

España / 15 min. / Ficción / Catalán

Ficha técnica:

Guión: Carla Simón

Producción executiva: Valérie Delpierre

Producción: Inicia Films

Sinopse:

Curta experimental que recupera a figura de Neus Pipó, a nai da cineasta, para xustapoñer a lectura das súas cartas cunha viaxe polos espazos onde as escribiu.



SAB 18, 16:00

MISSING / DESAPARECIDO [1982]

Costa-Gavras

Estados Unidos / 122 min. / Inglés, castelán, francés

Ficha artística:

Jack Lemmon, Sissy Spacek, Melanie Mayron, John Shea, Charles Cioffi, Richard Bradford, Janice Rule, David Clennon, Jerry Hardin, Martin Lasalle

Ficha técnica:

Guión: Donald E. Stewart, Costa-Gavras (Novela: Thomas Hauser)

Fotografía: Ricardo Aronovich

Música: Vangelis

Producción: Universal Pictures

Sinopse:

Charles Horman, un mozo e idealista xornalista norteamericano, desaparece do seu domicilio en Santiago de Chile tras o golpe de estado do xeneral Augusto Pinochet. A súa muller e o seu pai, que se traslada alí desde os Estados Unidos, intentan averiguar o seu paradiro. Durante a busca vivirán unha auténtica odisea percorrendo as institucións diplomáticas norteamericanas e tropezando con infinitas trabas burocráticas.



MÚSICA - 24 de novembro. 20:30H.

HEMISFERIOS. MULLERES E VOCES

ESPECTÁCULO MUSICAL CON UXÍA, PILOCHA, ALBA MARÍA, BELÉM TAJES,
UGIA PEDREIRA, SILVIA PENIDE, SONIA LEBEDINSKY E CARMEN REY.

LATIDO AMERICANO

LUN 20, 18:30 | MAR 21, 20:45

ADIÓS ENTUSIASMO [2017]

Vladimir Durán

Arxentina, Colombia / 79 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Camilo Castiglione, Laila Maltz, Mariel Fernandez, Rosario Bléfari

Ficha técnica:

Guión: Vladimir Durán, Sacha Amaral

Fotografía: Julián Ledesma


Edición: Ana Godoy, Laura Bierbrauer

Produción: Servo Cine / Imaginaria Films / Un puma / Joyce Ventura

Sinopse:

Axel, de dez anos, vive coa súa nai Margarita e as súas tres irmás nun apartamento dun barrio de Bos Aires de pasado aristocrático. Margarita vive encerrada no seu cuarto, e Axel e as súas irmás deberán xogar a ser carcereiros da súa propia nai.

— Mellor longametraxe na Competencia de Vanguarda e Xénero no BAFICI 2017



O ambiente singular do filme, que flutúa mesmo o sinistro, parece indicar que en calquera momento empezarán a aparecer elementos fantásticos, ou que emerxerá unha violencia ata entón non mostrada. Con todo, e a pesar de ir engadindo pistas, o filme non termina por develar o misterio, salpicando a trama de sublimes momentos, filmados con gran pulso por un director que parece nutrirse do grego Lanthimos e do que volveremos sen dúbida a escoitar falar.

VEN 10, 18:00 | MER 15, 16:00

ALBA [2016]

Ana Cristina Barragán

Ecuador, México, Grecia / 98 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Macarena Arias, Pablo Aguirre, Amaia Merino

Ficha técnica:

Guión: Ana Cristina Barragán

Fotografía: Simón Brauer

Edición: Yibrán Asuad, Juan Daniel Molero, José María Avilés

Produción: Isabella Parra, Ramiro Ruiz, Konstantina Stavrianou, Rena Vougioukalou

Sinopse:

Alba ten once anos. Pasa a maior parte do seu tempo en silencio e gústanlle os animais diminutos. Unha tarde, a súa nai é internada no hospital e Alba debe mudarse con Igor, un pai a quen case non coñece. Do mesmo xeito que Alba, Igor tamén é moi tímido e introvertido, polo que a comunicación é moitas veces dificultosa. A película da debutante Ana Cristina Barragán mostra eses torpes intentos de comunicación entre pai e filla, pero non queda niso. A película é un relato de iniciación, da puberdade e a entrada ás veces dolorosa na idade adulta, que evita os clichés narrativos do xénero, así como o seu sentimentalismo. Sérvese dos rostros dos seus actores principais, así como da utilización de poucos diálogos para xerar unha sensación de gravidade e tamén de calidez e intimismo.

— Lions Film Award no Festival Internacional de Cine de Rotterdam 2016

— Mención especial do xurado no Festival de San Sebastián 2016



LUN 20, 16:00 | XOY 23, 17:30

ANDRÉS LEE I ESCRIBE [2016]

Daniel Peralta

Chile / 93 min. / Ficción / Español

Ficha artística:

Fernando Mena, María Gracia Omegna, Alex Quevedo, Paulina Moreno, Nicolás Bosman, Ana Burgos, Naldy Hernández, Antonio Marquez, Gianfranco Sosisio

Ficha técnica:

Guión: Daniel Peralta e Rene Martín

Fotografía: Rene Duran

Música: Diego Peralta

Produción: Libreta Amarilla en asociación con GRIP films e coa participación de Maldita Comadreja e Suroeste Films

Sinopse:

Andrés Centeno, operario dunha fábrica, pasa as súas noites desvelado en longas xornadas de traballo que o deixan nun constante estado de somnolencia. Andrés perdeu o seu rumbo e esqueceu os seus soños de adolescencia. A través do reencontro cun anaco da súa propia historia -no tropezo dun tempo encapsulado e cheo de ilusións- decátase de que, aínda que non tomou as decisións correctas, está a tempo de emendarse, acompañado por unha nova amizade que o alentará a seguir adiante.

— Mellor filme na sección Cine Chileno no SANFIC12 (Festival Internacional de Santiago) 2016

— Premio do Xurado no Festival Internacional de Cine Independente de Dhaka 2016



SAB 11, 22:00 | MER 15, 22:45

CASA ROSHELL [2017]

Camila José Donoso

México, Chile / 71 min. / Ficción

Ficha artística:

Roshell Terranova, Liliana Alba, Lia García, Diego Alberico, Cristian Aravena

Ficha técnica:

Guión e montaxe: Camila José Donoso

Fotografía: Pablo Rojo

Son: Isolé Valadez

Produción: Juan Pablo Bastarrachea e Garbiñe Ortega.

Sinopse:

Roshell e Liliana, de 51 e 43 anos respectivamente, administran xuntas Casa Roshell. Como un espazo utópico, este lugar é un acocho para aqueles homes que viven reprimidos nos seus desexos de feminización e travestismo. Nunha noite, un pequeno salón cun escenario recibe con intimidade aos seus invitados, entre performances políticas e playbacks. A conversación entra nun ton existencialista cando se fala das frustracións e os soños, da dualidade de xéneros e a súa realidade como homes biolóxicos, dos seus desexos máis innatos e da constante procura da identidade.

— Preestrea mundial na Berlinale 2017, categoría Forum.



VEN 24, 22:15 | LUN 27, 22:15

CUATREROS [2016]

Albertina Carri

Arxentina / 83 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Albertina Carri
Fotografía: Federico Bracken, Alejo Maglio, Bruno Constancio, Tamara Ajzensztat, Rosario Castelli
Edición: Lautaro Colace
Produción: Albertina Carri & Diego Schipani

Sinopse:

Vou tras os pasos de Isidro Velázquez, o derradeiro gaucho alzado da Arxentina e, como a procura do tempo perdido sempre é errática, vou realmente tras os pasos dese fuxitivo da xustiza burguesa? Ou é que vou tras os meus pasos, tras a miña herdanza? Viaxo a Chaco, a Cuba, busco unha película desaparecida, busco en arquivos fílmicos corpos en movementos que me devolvan algo do que se foi moi cedo. Que busco? Busco películas, tamén unha familia, unha de vivos, unha de mortos; busco unha revolución, os seus corpos, algo de xustiza; busco a miña nai e o meu pai desaparecidos, os seus restos, os seus nomes, o que deixaron en min. Fago un western coa miña propia vida. Busco unha voz, a miña, a través do ruído e a furia que deixaron esas vidas arrincadas por aquela xustiza burguesa.



SAB 11, 16:15 | SAB 18, 19:15

EL TECHO [2016]

Patricia Ramos

Cuba, Nicaragua / 75 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Emmanuel Galván, Andrea Doimeadiós, Jonathan Navarro, Noslen Sánchez, Roberto Albellar, Elena Garay, Yoaris Rodríguez, María del Carmen Morera

Ficha técnica:

Guión: Patricia Ramos
Fotografía: Alán González
Música: Juan Antonio Leyva
Produción: JNVProductions / Mar y cielo producciones

Sinopse:

Na xerxa habaneira, o teito pode ter connotacións negativas. “Saír polo teito” dise cando algo saíu mal, e adoita ser aplicado a quen divaga, ou é un inútil sen os pés na terra. O debut da directora Patricia Ramos foi filmado con recursos mínimos, principalmente nas azoteas da Habana e cun trío de actores case adolescentes, con experiencia practicamente nula. Nun ton que escapa do melodrama, da acción física e dos grandes acontecementos, con escasos interiores e moita luz natural, o enfoque mínimo e naturalista dálle voz aos tres amigos, que dan conta dos seus crecementos e aspiracións. Despegados do piso, alá arriba, cada un coas súas particularidades e as súas diferenzas, poderían estar a definir moito máis que o seu propio futuro.



VEN 17, 16:30

EXTRAÑO PERO VERDADERO [2017]

Michel Lipkes

México / 90 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Kristyan Ferrer, María Evoli, Luis Enrique Parra, Itzel Sarmientos, Alfredo Blanco

Ficha técnica:

Guión: Rubén Imaz, Michel Lipkes, Gabriel Reyes
Fotografía: Gerardo Barroso
Música: Galo Durán
Produción: Axolote Cine

Sinopse:

Jonathan e Yesi están namorados. Traballan con “Mestre Limpo” nun camión de lixo. Unha noite atopan un cadáver con diñeiro. O xefe ten un plan.



SAB 11, 16:15 | SAB 18, 19:15

LA SINGULAR HISTORIA DE JUAN SIN NADA [2016]

Ricardo Figueredo Oliva

Cuba / 52 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Jorge Fernández Era, Luis Alberto García, Eduardo del Llano, Juan Pin Vilar

Ficha técnica:

Guión: Ricardo Figueredo Oliva
Fotografía: Raúl Prado Rodríguez
Edición: Marcos Louit
Produción: Diana Reyes Barrena

Sinopse:

Juan é un obreiro que vive unicamente do seu salario mensual de 250 cup, equivalente a uns 10 dólares. Non ten ningunha outra entrada extra de diñeiro e recibe pola súa cota da canastra básica: 7 libras de arroz, 4 libras de azucre, media libra de aceite, 5 ovos, 11 onzas de feixóns, un pan diario, unha libra de pito. Alcánzanlle estes produtos a Juan ata o final do mes? Canto tería que consumir diariamente? Que fai Juan con 250 cup? O humor é unha compoñente importante do filme, como podemos ver no título que se refire a un poema de Nicolás Guillén, en que aseguraba que, logo de xaneiro de 1959, os cubanos convertéronse en “Juan con todo”. Este documental pretende analizar a economía desde a micro perspectiva dun obreiro cun salario mínimo, ata a macro estrutura dun país que se embate nunha campaña económica importante para o seu futuro.



SAB 25, 18:00 | DOM 26, 19:30

MARACAIBO [2017]

Miguel Ángel Rocca

Arxentina, Venezuela / 95 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Jorge Marrale, Mercedes Morán, Matías Mayer, Nicolás Francella, Alejandro Paker, Luis Machín

Ficha técnica:

Guión: Maximiliano González, Miguel Ángel Rocca
Fotografía: Sebastián Gallo
Música: Olegario Díaz
Producción: Pensa&Rocca Cine / La Movida Films



Sinopse:

Canto dura unha vinganza? O crime de Facundo provoca nos seus pais, Gustavo e Cristina, un baleiro irreparable. A traxedia evidencia todo o que non puido ser no vínculo entre Gustavo e o seu fillo e desarma as aparencias coa súa muller: Cristina. Gustavo emprende un desesperado intento para entender a súa culpa, unha culpa tortuosa que lle provoca un profundo sentimento de vinganza. Gustavo necesita atopar o responsable dese crime.



MAR 14, 16:30 | MAR 21, 22:30

NO TE OLVIDES DE MÍ [2016]

Fernanda Ramondo

Arxentina / 88 min. / Ficción / Español

Ficha artística:

Leonardo Sbaraglia, Cumelén Sanz, Santiago Saranite

Ficha técnica:

Guión: Fernanda Ramondo
Fotografía: Lucio Bonelli
Música: Blas Alberti
Producción: Amada Films
Producción executiva: Marcela Avalos / Daniel Gaglianò

Sinopse:

Na provincia de Bos Aires, nun verán dos anos 30, Mateo, ex convicto anarquista, percorre a chaira pampeana cun vello furgón cargado de galiñas roubadas e a ilusión de reencontrar o seu galo, o Rey, para levalo ao triunfo nunha liorta. Un encontro casual ponlo fronte a Aurelia e Carmelo, dous irmáns en busca do seu pai. Sen un rumbo fixo que o ate a un destino certo, Mateo decide acompañalos cara ao sur. Pero, máis aló da trama (o pasado sentimental de Mateo, os seus problemas coa lei, as liortas de galos), o filme concéntrase en como van crecendo a relación entre os integrantes desta “extraña familia” que se vai constituíndo no camiño. A aposta da directora é clara, na medida en que constrúe o retrato dese “home de acción” e dos seus compañeiros a través da observación e os detalles que, moi cinematográficamente, van ampliando o cadro, plano a plano.



LUN 20, 17:30 | MER 22, 16:30

OTRA MADRE [2017]

Mariano Luque

Arxentina / 77 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Mara Santucho, Eva Bianco, Julieta Nitzschmann, Ana Tenaglia

Ficha técnica:

Guión: Mariano Luque
Fotografía: Eduardo Crespo
Música: Juan Ceballos
Producción: Mariano Luque, Federico Eibuszyc, Julia Rotondi

Sinopse:

Mabel separouse da súa parella e regresou á casa da súa nai. Alí convive coa súa pequena filla, a súa irmá adolescente, a súa nai e a súa avoa. As circunstancias determinaron que as mulleres deban vivir baixo un mesmo teito. Para elas, o desafío é convivir da maneira máis harmoniosa, colaborando entre todas e superando os conflitos. Esta película é o tenro retrato dunha familia allea a todo parámetro preestablecido, onde os vínculos se desenvolven a través da maternidade e os seus roles esvaécense. As personaxes conviven e acompañanse entre si a pesar das diferenzas, e o espectador é testemuña das súas experiencias e decisións. Pero aínda que a abordaxe sobre a maternidade e o cuestionamento da familia tradicional constitúen as liñas narrativas máis evidentes, existe certa mensaxe de melancolía que se plasma a través do paso do tempo e da vida. En certo momento, dáse unha especie de xogo nostálgico e prospectivo, onde a protagonista viaxa no tempo e pode apreciar parte do seu futuro. A través do día a día plásmanse os desexos e os soños dunha familia de mulleres.



XOV 9, 18:00 | MAR 14, 20:00

PECERA [2017]

Emiliano Grassi

Uruguai / 70 min. / Documental / Español

Ficha artística:

Marlen Marrero

Ficha técnica:

Edición: Emiliano Grassi Sebastián Fernández
Fotografía: Pablo Nogueira
Son: Damián Martínez
Producción: Ana Gotta Sebastián Fernández / Ping Pong Contenidos Audiovisuales

Sinopse:

Co peche da fábrica todo cambiou. A través do frío, malos tratos e infinitas horas de traballo, as paredes saturadas de fedor a peixe morto revelarán unha nova muller.



MER 22, 19:30 | LUN 27, 16:30

PENDULAR [2017]

Julia Murat

Brasil, Arxentina, Francia / 108 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Raquel Karro, Rodrigo Bolzan, Neto Machado, Marcio Vito, Felipe Rocha, Renato Linhares, Larissa Siqueira, Carlos Eduardo Santos

Ficha técnica:

Guión: Julia Murat, Matias Mariani **STILLmoving**
Fotografía: Soledad Rodríguez
Música: Lucas Marcier, Fabiano Krieger
Producción: Bubbles Project / Primo Filmes / Taiga Filmes / CEPA Audiovisual / Still Moving / Syndrome Films / Syndrome Films

Sinopse:

Un escultor e unha bailarina conviven nun xigantesco galpón industrial abandonado, separado á metade por cinta adhesiva cor laranxa, para dividir así dúas áreas de traballo idénticas: por unha banda, o estudo de danza dela, por outra, o taller de escultura del. *Pendular* ten lugar neste escenario, onde a arte, as actuacións e a intimidade mestúranse xuntos. *Pendular* gañou o premio FIPRESCI como mellor película de Panorama no Festival de Berlín. Na súa xustificación, o xurado destacou a súa excelente calidade visual a súa forza narrativa, o que resulta nun retrato exacto de dous artistas contemporáneos. A expresión da coreografía moderna conecta á perfección coa orixinalidade estética e dramática da película.

— Premio FIPRESCI na Berlinale 2017

— Premio FIPRESCI á mellor película internacional no Festival Internacional de Cine de Uruguai 2017



VEN 10, 18:00 | DOM 19, 17:45

SALVADORA [2017]

Daiana Rosenfeld

Arxentina / 60 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Coa colaboración de: Álvaro Abós, Alicia Villoldo, Silvia Saitta

Ficha técnica:

Guión: Daiana Rosenfeld
Son: Gaspar Scheuer
Música: Martín Rodríguez
Producción: Daiana Rosenfeld

Sinopse:

Salvadora Medina Onrubia viviu sempre nunha eterna contradición. Cometeu todos os pecados imaxinables para unha muller de principios do século XX: ser nai solteira, anarquista, dramaturga e poeta con tan só 15 anos. A súa vida oscilaba entre varias realidades: o movemento político libertario, a teosofía, a literatura e o universo burgués do que formaba parte. O documental afonda, a través dos seus escritos autobiográficos e as súas obras literarias, na vida dunha muller anarcofeminista que non soubo encaixar nos estereotipos da época; e no mundo interno dunha escritora revolucionaria e fráxil, que a pesar das súas accións, rematou a súa vida na soidade e sen recoñecemento social.



LUN 13, 17:30 | XOY 23, 22:30

SANTA Y ANDRÉS [2016]

Carlos Lechuga

Cuba, Francia, Colombia / 105 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Lola Amores, Eduardo Martínez, George Abreu, Luna Tinoco, Cesar Domínguez

Ficha técnica:

Guión: Carlos Lechuga
Fotografía: Carlos Lechuga
Música: Santiago Barbosa Cañón
Producción: Producciones de la 5ta Avenida / Igolai Producciones / Promenades Films

Sinopse:

Santa é unha solitaria campesiña que é enviada para viaxiar a Andrés, un escritor homosexual, que non lle inspira “confianza” á Revolución. A historia transcorre no oriente de Cuba, a principios dos anos 80, e trata da amizade que xorde entre dúas persoas que aparentemente son moi distintas, pero que aos poucos se van decatando de que as cousas que os unen son máis importantes que as que os separan.

— Premio Wouter Barendrecht no Cinemart Rotterdam 2017



XOY 23, 16:15 | DOM 26, 21:45

UN SUELO LEJANO [2016]

Gabriel Muro

Arxentina, Paraguai / 93 min. / Documental / Castelán, alemán, guaraní

Ficha artística:

José Manuel Silvero Arévalos

Ficha técnica:

Guión: Gabriel Muro
Fotografía: Nicolás Mikey
Producción: Palta Films

Sinopse:

Un profesor de filosofía viaxa polo interior do Paraguai dando charlas para estudantes e campesiños. A súa travesía lévaa ata Nueva Germania, unha comunidade rural fundada a fins do século XIX pola irmá do filósofo alemán, Friedrich Nietzsche. As autoridades convidárono para formar parte dos festexos anuais que conmemoran a fundación do pobo. O profesor deambula polo lugar e indaga sobre os restos dunha utopía xermanista, racista e vexetariana, restos mesturados co presente da cultura guaraní.



VIDA DE FAMILIA [2017]

Alicia Scherson, Cristián Jiménez

Chile / 81 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Jorge Becker, Gabriela Arancibia, Blanca Lewin, Cristián Carvajal, Adara Casassus, Lucas Miranda, Alejandro Zambra, Alejandra Yañez, María Siebald

Ficha técnica:

Guión: Alejandro Zambra, Cristián Jiménez, Alicia Scherson

Fotografía: Cristián Petit Laurent

Música: Caroline Chaspoul, Eduardo Henríquez

Producción: Peso Pluma

Sinopse:

Bruno, Consuelo e Sofi son unha familia moderna que se pensa feliz. Cando parten unha tempada a Francia, deixan encargada a súa acolledora casa e o seu querido gato a Martín, un primo ao que apenas coñecen. "Síntete como na túa casa!", dinlle, sen imaxinar que Martín tomará iso ao pé da letra, inventándose unha nova identidade e construíndo alí a súa propia vida de familia.

— Nomeada ao gran premio do xurado en Sundance 2017



CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA



BAÑISTAS. FOTOGRAFÍAS ATOPADAS, 1880-1963

Por Xosé Manuel Buxán Bran. 2 xuño - 21 novembro 2017

«Y». ÁLVARO NEGRO

Comisario: David Barro. 29 setembro 2017 - 4 febreiro 2018

EDUARDO BATARDA. MISE EN ABYME

Comisario: Julião Sarmento. 11 outubro 2017 - 21 xaneiro 2018

MODELO X ARMAR.

ARTE EN GALICIA NA COLECCIÓN CGAC

Comisario: Santiago Olmo. 9 novembro 2017 - 25 febreiro 2018

MIEKE BAL E MICHELE WILLIAMS GAMAKER.

MADAME B: EXPLORANDO O CAPITALISMO EMOCIONAL

25 novembro 2017 - 28 xaneiro 2018

CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán 2. 15703 Santiago de Compostela / cgac@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

**XUNTA
DE GALICIA**

FANTASTIQUE COMPOSTELA

CARNÍVORA [2016]

Arthur Tuoto

Brasil / 63 min. / Ficción / Inglés

Ficha técnica:

Edición e produción: Arthur Tuoto

Sinopse:

Tras ser atopada por seres alienixenas, a sobrevivente dun misterioso episodio que suprimiu parte da especie humana tenta comprender os feitos que levaron o planeta Terra a ese trágico destino. Formado enteiramente por imaxes de arquivo de dominio público, o filme é unha adaptación do conto de ciencia ficción The Carnivore, de Katherine MacLean.



CYPHER [2002]

Vincenzo Natali

Estados Unidos / 95 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Jeremy Northam, Lucy Liu, David Hewlett, Nigel Bennet, Timothy Webber

Ficha técnica:

Guión: Brian King

Fotografía: Derek Rogers

Música: Michael Andrews

Produción: Pandora Cinema

Sinopse:

Morgan Sullivan, un contable sen traballo e atrapado nun rutineiro matrimonio soña con deixar atrás a súa gris existencia e comezar unha nova vida chea de liberdade e emocións. Decide entón incorporarse á multinacional Digicorp e converterse nun espía industrial. Cunha nova identidade, o seu traballo consiste en asistir a distintas convencións empresariais para recoller todo tipo de información e transmitirla a Ed Finster, o seu desalmado xefe. Pero no transcurso do seu traballo, Morgan coñece a bela e esvaradía Rita, quen lle revelará as verdadeiras actividades de Digicorp.

— Mellor actor (Jeremy Northam) en Sitges 2002



LA MALDICIÓN DE LA LLORONA [1963]

Rafael Baledón

México / 1963 / 80 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Rosita Arenas, Abel Salazar, Rita Macedo, Carlos López Moctezuma, Enrique Lucero, Mario Sevilla, Julissa

Ficha técnica:

Guión: Rafael Baledón, Fernando Galiana

Fotografía: José Ortiz Ramos

Música: Gustavo César Carrión

Produción: Cinematográfica ABSA

Sinopse:

Película baseada nunha tradición folclórica mexicana moi difundida, acerca da Llorona, da que se fixeron, ao longo da historia, varias adaptacións. Unha muller espectral permanece no medio do bosque rodeada de varios mastíns e, xunto cun deforme, ataca a quen se cruce polo seu camiño. A súa misión é conseguir sangue humana para revivir un vampiro demo. Unha moza chega de visita ao casal da súa familia xunto co seu marido. Ela é sobriña da muller pantasma que, cando regresa á súa casa, se converte na tía Telma.



LA NOVIA ENSANGRENTADA [1972]

Vicente Aranda

España / 100 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Simón Andreu, Maribel Martín, Alexandra Bastedo, Dean Selmier, Rosa Rodríguez, Montserrat Julió, Ángel Lombarte

Ficha técnica:

Guión: Vicente Aranda, Matthew Lewis (Novela: Sheridan Le Fanu)

Fotografía: Fernando Arribas

Música: Antonio Pérez Olea

Produción: Morgana Films

Sinopse:

Susan é unha moza recentemente casada que viaxa de lúa de mel a unha solitaria mansión. A muller séntese atemorizada ante a consumación do matrimonio. Susan comeza a obsesionarse coa pantasma de Mircala, unha muller que asasinou ao seu marido dous séculos antes, na noite de vodas.



XOV 23, 20:00 | VEN 24, MARATÓN | SAB 25, 23:15

LES AFFAMÉS / OS FAMENTOS [2017]

Robin Aubert

Canadá / 100 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Marc-André Grondin, Monia Chokri, Charlotte St-Martin, Micheline Lanctôt, Marie-Ginette Guay, Brigitte Poupart, Édouard Tremblay-Grenier, Luc Proulx, Didier Lucien, Robert Brouillette, Martin Héroux, Patrick Hivon

Ficha técnica:

Guión: Robin Aubert
Fotografía: Steeve Desrosiers
Música: Pierre-Philippe Côté
Producción: La Maison de Prod / Christal Films Distribution / Téléfilm Canada / SODEC / The Harold Greenberg Fund

Sinopse:

Nun pequeno pobo remoto de Quebec as cousas comezan a cambiar. Algunhas persoas xa non son o que eran. Atacan as súas familias, os seus amigos, os seus veciños... Chámanlles "os famentos". Un grupo de sobreviventes introdúcese no bosque para fuxir deles.

— Mellor película canadense no Festival de Toronto 2017



VEN 24, MARATÓN | LUN 27, 18:30

LIBERAMI [2016]

Federica di Giacomo

Italia, Francia / 89 min. / Documental / Italiano

Ficha técnica:

Guión: Federica di Giacomo
Fotografía: Greta de Lazzaris, Carlo Sisalli
Producción: Mir Cinematografica S.r.l., Opera Films

Sinopse:

Documental sobre a rexurdida práctica do exorcismo, que incide no contraste entre as antigas tradicións e os costumes modernos que se atopan nesta historia divertida e desacougante ao tempo.

— Nomeada ao mellor documental nos Premios David di Donatello 2016



LUN 20, 22:00 | VEN 24, MARATÓN | DOM 26, 22:15

MOM AND DAD [2017]

Brian Taylor

Estados Unidos / 83 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Nicolas Cage, Selma Blair, Anne Winters, Joseph D. Reitman, Zackary Arthur, Olivia Crocicchia, Brionne Davis, Tyler Sopland, Bishop Stevens, Matthew W. Allen, Dale Miller, Ellen Marguerite Cullivan, George Griffith, Marilyn Dodds Frank, Michelle Poole, Kris Jerome Flowers

Ficha técnica:

Guión: Brian Taylor
Fotografía: Daniel Pearl
Música: Mr. Bill
Producción: Armory Films / Three Point Capital / Zeal Media

Sinopse:

Unha misteriosa epidemia en forma de tolema masiva provoca que os pais ataquen violentamente aos seus fillos. Carly e Joshua tratarán de sobrevivir durante tan aciaga xornada, ameazados por uns proxenitores que posúen os trazos de Nicolas Cage e Selma Blair.

— Sección oficial longametraxes a concurso no Festival de Sitges 2017



XOV 9, 18:45 | LUN 20, 23:00

O ESTRANHO CASO DE EZEQUIEL [2016]

Guto Parente

Brasil / 71 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Euzébio Zlococowick, Nataly Rocha, Caio Dias, Armando Praça, Irene Bandeira

Ficha técnica:

Guión: Guto Parente
Fotografía: Filipe Acácio
Edición: Ricardo Pretti
Producción: Ticiano Augusto Lima

Sinopse:

Logo da repentina morte da súa esposa, Ezequiel vive triste e resignado á súa soitude. A súa rutina divídese entre as longas noites de insomnio e os días interminables. Un día, recibe na súa casa a visita dunha misteriosa criatura extraterrestre con forma humana que padece estrañas convulsións e pasa a hospedarse no seu fogar. A súa vida vólvese aínda máis estraña cando reaparece a súa falecida esposa, con quen renova a convivencia coma se nada pasase. Para Ezequiel, xa nada será igual; sen cuestionar as causas desas aparicións, séntese novamente feliz e desenvolve un forte vínculo cos seus novos hóspedes. É no mundo exterior á casa onde algúns veciños notan que algo estraño está a suceder, xerándose unha contraposición entre o mundo real e o fantástico sostida polos tres personaxes.



DOCS
CINEUROPA

SAB 11, 19:15

2015 2016 [2017]

Varios autores

España / 78 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Montaxe: Manuel Iborra

Cámara: Sara Gallardo

Asesoramento: Papa Koe

Producción: Hallelujah, Laya Films, Producciones Clandestinas, Brezal,

Relatoras, Maestranza films

Sinopse:

2015 2016 é unha creación colectiva rodada durante seis meses cun equipo mínimo. Un documental político sobre Cádiz, o capitalismo, o proletariado e a loita de clases, un mundo no que os ricos son cada vez máis ricos e os pobres máis pobres. Pero tamén trata do deber de construír un mundo mellor.

VEN 17, 19:30

CABALLO DE VIENTO [2017]

Moisés Salama

España / 91 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Moisés Salama, Alejandro Alvarado, Concha Barquero

Fotografía: Alejandro Alvarado

Montaxe: Alejandro Alvarado, Concha Barquero, Moisés Salama

Producción: Moisés Salama, Rosa Tapia-Ruano

Sinopse:

Aos seus 70 anos, Nando está seriamente enfermo. É o momento crítico que serve de catalizador para un relato biográfico que alterna a crónica do presente coa lembranza do pasado. O retrato cambiante do protagonista, que lembra sen pudor anos de máscaras, procura e exploracións, vaise perfilando ao longo dunha narración discontinua que transita desde a súa retomada actividade política a raíz do movemento 15-M; ao seu activismo ácrata durante as revoltas estudantis antifranquistas ou, tras o exilio francés, desde as súas etapas de adición á heroína ao seu actual compromiso coa práctica da meditación budista como ferramenta de transformación persoal e social.



MAR 14, 17:15 | XOY 23, 16:45

CHICAGO BOYS [2015]

Carola Fuentes e Rafael Valdeavellano

Chile / 85 min. / Documental / Español, inglés

Ficha técnica:

Montaxe: Rafael Valdeavellano

Fotografía: Pablo Valdés e Sebastián Caro

Música: Gabriel E. Pulido

Producción: Herta Mladinic

Producción executiva: Carola Fuentes e Rafael Valdeavellano

Sinopse:

No país máis exitoso de Latinoamérica, os fundadores do modelo económico observan con sorpresa o descontento dos seus cidadáns. Por primeira vez contan como chegaron a Chicago a estudar con Milton Friedman nos anos 50, e que estiveron dispostos a facer para aplicar as súas ideas extremistas durante a ditadura nos 70. Imaxes e testemuños inéditos que nos permiten entender o proceso histórico que transformou todos os chilenos e Chile no país que é hoxe, unha imaxe de éxito e descontento.

— Premio do xurado no DocsDF (Festival Internacional de Cine Documental de México) 2016



MER 8, 16:15 | MER 15, 18:00

COMRADE, WHERE ARE YOU TODAY? [2016]

Kirsi Marie Liimatainen

Alemaña, Finlandia / 110 min. / Documental / Alemán, inglés, castelán, árabe

Ficha técnica:

Guión: Kirsi Marie Liimatainen

Fotografía: Yoliswa von Dallwitz, Till Vielrose, Hanno Kunow

Música: Anssi Växby, Lasse Sakara

Producción: Kirsi Marie Liimatainen / Ilanga Films

Sinopse:

A directora finlandesa Kirsi Marie Liimatainen naceu en Tampere, unha cidade industrial alcumada a “Manchester de Finlandia”, no seo dunha familia de clase traballadora e de firmes conviccións comunistas. En 1988 e con tan só 20 anos mudouse á República Democrática Alemá para asistir á academia xuvenil Wilhelm Pieck. Desde ambas as dúas marxas do muro chegan mozos e mozas para estudar marxismo-leninismo, unidos na loita por un mundo mellor. O curso termina no verán de 1989 e uns meses despois cae o muro de Berlín. 24 anos despois, na era do capitalismo máis voraz, Kirsi Marie Liimatainen emprende unha viaxe cinematográfica a través de Alemaña, Bolivia, Chile, Líbano e Suráfrica para reencontrarse cos seus antigos compañeiros. Que queda do seu soño de revolución? Aínda existe algunha utopía pola que pague a pena loitar?



EL MAR NOS MIRA DE LEJOS [2017]

Manuel Muñoz Rivas

España, Países Baixos / 93 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Mauro Herce, Manuel Muñoz Rivas

Fotografía: Mauro Herce

Son: Joaquín Pachón

Producción: Azhar Media / CTM Docs / El Viaje Films / 59 en Conserva

Sinopse:

Entre o documental e a ficción, a lenda dunha antiga e esquecida civilización xace enterrada baixo grandes extensións de dunas no sur de España. Desde hai algo máis dun século varios viaxeiros chegaron ata ese recóndito territorio buscando as pegadas de antigos poboadores, talvez os restos dunha cidade sepulta polas areas, ou acaso unha sorte de utopía extraviada. Ignorantes deses mitos e das ilusións románticas de arqueólogos e aventureiros, uns poucos homes, apenas visibles entre os areais, habitan hoxe en soidade ese lugar fronte ao mar.

— Mellor documental no Festival Cinespaña de Toulouse 2017



EL PACTO DE ADRIANA [2017]

Lisette Orozco

Chile / 96 min. / Documental / Castelán, inglés

Ficha artística:

Lisette Orozco e Adriana Rivas

Ficha técnica:

Guión: Lisette Orozco

Fotografía: Julio Zúñiga

Música: Santiago Farah

Producción: Gabriela Sandoval, Carlos Núñez, Benjamin Band



Sinopse:

En todas as familias existen secretos, e a miña non é a excepción. Cando era nena tiven unha idolo: a miña tía Adriana. Imitábaa, ao momento de camiñar e rir coma ela. Pero hai un tempo decateime de que na súa mocidade traballou para a DINA, a policía secreta da ditadura de Pinochet, cando eu nin sequera nacera. Hoxe ela está prófuga da xustiza, acusada de secuestro e asasinato. Decidín involucrame no seu pasado para poder coñecerla realmente, para logo emprender unha viaxe e enfrontala no lugar en que se atopa escondida. Será posible unha reconciliación?

— Peace Film Award no Festival de Berlín 2017

— Mención especial do xurado no BAFICI 2017



ERASE AND FORGET [2017]

Andrea Luka Zimmerman

Reino Unido / 90 min. / Documental / Inglés

Ficha artística:

James 'Bo' Gritz, Tim LaFrance, Ted Kotcheff, Tudor Gates

Ficha técnica:

Guión: Taina Galis, Andrea Luka Zimmerman

Fotografía: Taina Galis, Andrea Luka Zimmerman

Música: Adam Paroussos

Producción: Ameenah Ayub Allen, Andrea Luka Zimmerman, Gareth Evans

Sinopse:

James Gordon 'Bo' Gritz é un ex oficial das forzas especiais do exército dos Estados Unidos e un dos veteranos de Vietnam máis condecorados. Foi o inspirador de personaxes como Rambo e Hannibal Smith da serie O equipo A. A súa revelación da participación do goberno estadounidense no comercio de drogas no sueste asiático opúxo a elite de Washington. Activista en contra da guerra do Golfo, tamén protestou nas eleccións presidenciais de 1992; creou un programa de formación paramilitar civil dos Estados Unidos, e fundou en Idaho unha controvertida comuna patriótica cristiá. Bo estima que matou arredor de 400 persoas durante as súas operacións. Andrea Luka Zimmerman pasou máis de dez anos seguindo este contradictorio personaxe. O seu documental explora como as estruturas de poder, o militarismo e a violencia estrutural afectan tanto ao veterano como á política nos Estados Unidos.

— Nomeada ao mellor documental no Festival de Berlín 2017



FAVIO: CRÓNICA DE UN DIRECTOR [2015]

Alejandro Venturini

Argentina / 120 min. / Documental / Español

Ficha artística:

Leonardo Favio, Zuhair Jury, Graciela Borges, Juan José Stagnaro, Edgardo Nieva

Ficha técnica:

Fotografía / Imaxe: Francisco de Santis / Sofía Victoria Rodrigo

Música: Iván Wyszogrod

Producción: Paloma Chiodo / 2t Producciones / Cinecolor Argentina / Universidad del Cine.

Sinopse:

Documental baseado nunha entrevista realizada a Leonardo Favio, onde fala da súa formación como director e a súa mirada sobre o cinema, para se mergullar no mundo do realizador máis influente do cinema arxentino recreando episodios da súa vida e mostrando arquivos inéditos que transcenden o xénero.



MER 8, 20:30 | SAB 11, 18:15

MI TÍA TOTY [2016]

León Felipe Troya

Ecuador / 87 min. / Documental / Español, francés

Ficha técnica:

Guión: León Felipe Troya e Carla Valencia

Fotografía: François "Coco" Laso

Música: Iván Mora Manzano

Montaxe: Carla Valencia

Produción: León Felipe Troya

Producción executiva: Anita Krainer

Sinopse:

Unha mirada á experiencia da vellez a través da vida de Toty Rodríguez; actriz ecuatoriana que fixo carreira en Francia nos anos 60, diva e ícona da liberación feminina no seu país. Regresa a París co seu sobriño para facer un filme, revisar o seu pasado e visitar vellos amigos na cidade que cambiou a súa vida.



SAB 11, 21:00 | XOV 16, 18:00

VIDA VAQUERA [2016]

Ramón Lluís Bande

España / 118 min. / Documental / Asturiano

Ficha técnica:

Guión: Ramón Lluís Bande

Fotografía: Juan A. García

Música: Juan Uría Riu

Produción: Vera Robert / De la Piedra Producciones

Sinopse:

Este documental exhibe a vida cotiá dunha das últimas familias de vaqueiros que se dedican á transhumancia en Asturias. Esta comunidade, que traballa co gando, no inverno vive no chairo e no verán sobe á braña. Esta estirpe de vida nómade é un grupo humano cun modo de subsistencia en vías de extinción. O director definiunos como "unha sociedade primitiva, unha sociedade precapitalista e comunista no sentido en que prioriza o comunitario sobre a individualidade". Este documental xurdiu do traballo previo que foi realizado para a serie de televisión *L'alzada*. A serie resaltaba principalmente o valor etnocultural do tema, así como a vida cotiá e a memoria oral da poboación vaqueira. A diferenza da serie, esta película expón outro tipo de esquema narrativo, o equipo documenta o traballo dos vaqueiros para establecer unha única mirada onde todos comparten o traballo. Tal cal expresou o director: "é a documentación do noso traballo documentando o traballo". Un testemuño sobre un xeito de vida que se atopa en vías de desaparecer.



ICAA apoya este Festival



A pesar da súa mocidade, unha idea moveunos a programar unha retrospectiva do lisboeta Pedro Pinho nesta 31ª edición de Cineuropa: a súa solidariedade militante. E é que Pedro forma parte dese crecente grupo de cineastas portugueses que amalgama comodamente hiperrealismo e ficción cun lúcido –e lúdico– obxectivo crítico. As súas películas fálannos de desencanto e desigualdade, pero tamén da solidariedade e unidade que xorden cando parece que todo está perdido, dúas aptitudes necesarias para resistir e, sobre todo, para sobrevivir.

Formado en Lisboa, París e Londres, deu o seu primeiro paso no cinema xunto a Frederico Lobo, con quen dirixiu en 2008 un documental profundamente comprometido sobre a tensa espera dos emigrantes que intentan entrar a Europa pola fronteira sur. Este filme, *Bab Sebta*, resultou galardoado como mellor longametraxe portuguesa no Doclisboa, e obtivo o premio Marseille Esperance no FID Marseille.

En 2009 fundou con cinco colegas a produtora Terratreme. A reinterpretación do título da viscontiana *La terra trema* (1948) leva implícita toda unha declaración de intencións, que se materializa nunha entidade colectiva dedicada á divulgación e promoción de novos realizadores no panorama cinematográfico portugués.

A retrospectiva, composta da mentada *Bab Sebta*, *Un fim do mundo* (2013) e *As cidades e as trocas* (realizada en colaboración con Luisa Homem en 2014), completárase coa enérxica *A fábrica de nada* (2017), tamén incluída na sección oficial de Cineuropa. A presentación do filme na Quincena dos Realizadores de Cannes, outorgoulle unha merecida visibilidade ao traballo dun cineasta do que non debemos perder a pista.

Ana Gontad
Coordinadora Panorama Audiovisual Galego

RETROSPECTIVA

PEDRO PINHO

DOM 19, 19:15 | LUN 20, 17:30 | VEN 24, 17:45

A FÁBRICA DE NADA [2017]

Pedro Pinho

Portugal / 177 min. / Ficción / Portugués, francés

Ficha artística:

José Smith Vargas, Carla Galvão, Njamy Sebastião, Joaquim Bichana

Ficha técnica:

Guión: Pedro Pinho, Leonor Noivo, Tiago Hespanha, Luisa Homem

Fotografía: Vasco Viana

Música: José Smith Vargas, Pedro Rodrigues

Produción: Terratreme Filmes

Sinopse:

Un grupo de operarios descobre que a administración está a roubar máquinas da súa propia fábrica. Ao decidiren organizarse para impedir o desprazamento da produción, os traballadores son forzados a permanecer nos seus postos sen nada que facer.

— FIPRESCI na Quincena dos Realizadores de Cannes



Desde a esquina dun pase único na Quincena de Realizadores, esta película converteuse de modo súbito no *sleepier* de Cannes. Pedro Pinho, a quen Cineuropa dedica unha retrospectiva, cóntanos o proceso de loita dos traballadores dunha fábrica desafuzada, pero non desde a elexia ou a traxedia (*vade retro*, Ken Loach) senón desde as formas dun musical indómito. A resistencia dos desposuídos a través dun xénero nado para facer soñar e que Pinho relé como unha celebración da loita a partir de insólitas coreografías que acompañan a quen perdeu o valor do seu traballo. Pero cantan baixo a choiva. Cinema esencial que euforiza e renova.

LUN 20, 20:00

AS CIDADES E AS TROCAS [2014]

Luísa Homem, Pedro Pinho

Portugal / 139 min. / Documental / Crioulo

Ficha técnica:

Fotografía: Pedro Pinho, Luísa Homem

Son: Raquel Marques, Rita Hermínio

Produción: Terratreme Filmes / Uma pedra no sapato

Sinopse:

En 2008 desátase unha crise de crecemento do sector turístico en Cabo Verde que desemboca na procura de oportunidades de negocio en países próximos como Mauritania. Con ese conflito como horizonte, *As cidades e as trocas* arrinca nun cargueiro en Lisboa e percorre unha ruta atlántica coa idea de destacar as transformacións sociais e físicas que o devandito conflito, e a súa posterior internacionalización, xera na paisaxe.



MER 22, 18:00

BAB SEBTA [2008]

Pedro Pinho, Frederico Lobo

Portugal, Marrocos / 112 min. / Documental / Portugués

Ficha técnica:

Guión: Pedro Pinho, Frederico Lobo

Fotografía: Luísa Homem, Pedro Pinho, Frederico Lobo

Produción: PATÉ Filmes / Gil&Miller / Terratreme

Sinopse:

Bab Sebta significa en árabe “a porta de Ceuta” e é o nome da pasaxe na fronteira entre Marrocos e Ceuta. A este lugar acoden persoas chegadas de distintos lugares de África que tratan de emigrar a Europa, coa esperanza de que a porta de Ceuta se abra para elas, e así pechar outra porta, a dunha vida que queren deixar atrás.

— Mellor documental portugués no DocLisboa 2008



MAR 21, 19:15

UM FIM DO MUNDO [2013]

Pedro Pinho

Portugal / 63 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Idalécio Gomes, Manuel Gomes, Eva Santos, Iara Teixeira

Ficha técnica:

Edición: Luísa Homem

Fotografía: Vasco Viana, Pedro Pinho

Son: João Gazua

Produción: Vende-se Filmes / Terratreme Filmes

Sinopse:

Un día na praia, antes das vacacións de verán. Unha rapariga recentemente chegada que provoca curiosidade. Un rumor. Un deses días que non acaban. Un fallo no sistema de distribución de electricidade provoca un apagamento. Talvez sexa un accidente ou, quizais, só unha escusa para pasar unha noite xuntos.





FOCO ISLANDIA

MER 8, 18:15 | VEN 10, 20:30

Á ANNAN VEG / EITHER WAY [2011]

Hafsteinn Gunnar Sigurðsson

Islandia / 82 min. / Ficción

Ficha artística:

Hilmar Guðjónsson, Sveinn Ólafur Gunnarsson, Þorsteinn Bachmann, Valgerður Rúnarsdóttir, Runólfur Ingólfsson

Ficha técnica:

Guión: Hafsteinn Gunnar Sigurðsson, Sveinn Ólafur Gunnarsson
Fotografía: Árni Filippusson
Produción: Mystery Island

Sinopse:

No remoto norte de Islandia, a mediados dos anos 80, Finn e Alfred, dous empregados da Administración Islandesa de Estradas, pasan o verán pintando liñas nos serpeantes camiños que se estenden ata o horizonte. Sen máis compañía que a deles mesmos, a árida paisaxe converterase nun lugar de pequenos desastres que descubrimentos a medida que ambos se reencontran a si mesmos.

— Festival de Turín 2011: Mellor película



LUN 13, 16:00

ANDLIT NORÐURSINS / LAST DAYS OF THE ARCTIC [2011]

Magnús V. Sigurðsson

Islandia-Alemaña / 90 min. / Documental

Ficha artística:

Ragnar Axelsson

Ficha técnica:

Guión: Margrét Jónasdóttir
Fotografía: Amar Thor Thorisson
Música: Hilmar Örn Hilmarsson
Produción: Margrét Jónasdóttir, Magnús Viðar Sigurðsson, Kjartan Þór Þórðarson

Sinopse:

Lax é un fotógrafo que se labrou unha carreira capturando os rostros humanos do cambio climático e os fugaces estilos de vida do extremo norte.



XOV 9, 19:45 | LUN 13, 19:45

BACKYARD [2010]

Árni Sveinsson

Islandia / 74 min. / Documental

Ficha artística:

Borko, Hjaltalín, Sin Fang Bous, Reykjavík, MÚM, Retro Stefson, FM Belfast

Ficha técnica:

Guión: Árni Sveinsson, Árni Rúnar Hlöðversson
Fotografía: Árni Sveinsson, Guðlaugur Arnar Sigurðsson, Jón Tómas Einarsson, Friðrik Elís Ásmundsson, Ryan Parteka, Þórgnýr Thoroddsen, Árni Vilhjálmsson
Produción: Kjartansson / Kimi Records

Sinopse:

Dous amigos organizan un concerto no patio traseiro da casa dun deles. Alí preséntanse a tocar algunhas das bandas máis famosas do momento en Reikjavík, incluíndo Múm, FM Belfast, Hjaltalín e Sen Fang Bous. A iniciativa convértese, en definitiva, nun dos eventos musicais máis emocionantes e especiais do ano.



VEN 24, 19:00 | SAB 25, 19:15

GRANDMA LO-FI / AVOA LO-FI [2011]

Orri Jónsson, Kristín Björk Kristjánsdóttir,
Ingibjörg Birgisdóttir

Islandia-Dinamarca / 65 min. / Documental

Ficha artística:

Sigríður Nielsdóttir, Örvar Smárason, Sin Fang Bous, Mr. Silla, Gunnar Örn Tynes

Ficha técnica:

Guión: Orri Jónsson, Kristín Björk Kristjánsdóttir, Ingibjörg Birgisdóttir
Fotografía: Magnús Helgason, Orri Jonsson, Kristín Björk Kristjánsdóttir
Música: Sigríður Nielsdóttir
Produción: Republik Productions / Sunn Productions

Sinopse:

Á tenra idade de 70 anos comezou a gravar a súa propia música e logo simplemente non podía parar. Sete anos máis tarde ela xa tiña 59 álbums ao seu nome. A artista danesa/islandesa Sigríður Nielsdóttir é unha figura adorada na escena musical de Islandia. Esta película é un tributo á súa creatividade sen límites, realizado polos músicos e artistas a quen ela inspirou.



XOV 9, 19:45 | LUN 13, 19:45

ICELAND, YEAR ZERO / ISLANDIA, ANO CERO [2012]

Sigurður Hallmar Magnússon, Armande Chollat-Namy

República Checa, Francia / 52 min. / Documental / Islandés

Ficha técnica:

Guión: Sigurður Hallmar Magnússon, Armande Chollat-Namy

Fotografía: Armande Chollat-Namy

Música: Audun Nedrelið, David Couturier

Produción: Demain TV, Commune Image Média, Jade Productions

Sinopse:

En outubro de 2008, os tres principais bancos de Islandia colapsaron e conduciron unha nación á quebra para ocasionar a perda de emprego, aforros e esperanza a miles de persoas. Como reacción a unha nación, un dos países máis ricos e desenvolvidos do mundo capitalista, a un colapso económico total? Nunha paisaxe onde “ser rico” adoitaba ser unha virtude, quen é realmente o culpable do colapso dun sistema bancario demasiado cobizoso? Ou mellor dito, é a caída dos valores capitalistas talvez o mellor que lle puido pasar a Islandia?



VEN 17, 22:30 | DOM 19, 21:30

JAR CITY / AS MARISMAS [2006]

Baltasar Kormákur

Islandia-Alemaña-Dinamarca / 93 min. / Ficción

Ficha artística:

Ingvar Eggert Sigurðsson, Ágústa Eva Erlendsdóttir, Björn Hlynur Haraldsson, Ólafía Hrönn Jónsdóttir, Atli Rafn Sigurðsson

Ficha técnica:

Guión: Arnaldur Indriðason, Baltasar Kormákur (Novela: Arnaldur Indriðason)

Fotografía: Bergsteinn Björgúlfsson

Música: Mugison

Sinopse:

Baseado na novela criminal de Arnaldur Indriðason, narra dúas historias: a primeira, a dun home que irrompe nunha base de datos xenética de información médica de xente islandesa. Tras perder a súa filla por unha enfermidade hereditaria, intenta trazar as súas propias raíces. A segunda historia vai sobre a investigación do asasinato dun ancián que leva a unha proba forense pouco común, desvelando secretos gardados na xenética de toda a nación.

— Festival Internacional Karlovy Vary 2007: Mellor película



MER 15, 21:00 | XOV 23, 20:45

MAMÁ GOGÓ [2010]

Fríðrik Þór Fríðriksson

Islandia-Noruega-Alemaña / 90 min. / Ficción

Ficha artística:

Kristbjörg Kjeld, Hilmar Snær Guðnason, Gunnar Eyrjólfsson, Margrét Vilhjálmsdóttir, Ragnhildur Steinunn Jónsdóttir

Ficha técnica:

Guión: Fríðrik Þór Fríðriksson

Fotografía: Ari Kristinsson

Música: Hilmar Örn Hilmarsson

Produción: Beserk films / Filmhuset Produksjoner

Sinopse:

A obra é unha viaxe íntima dun director de cinema que experimenta a desaparición da súa nai, enferma de Alzheimer. Mamma Gogó mostra os elementos fundamentais de Fríðriksson: humor, compaixón e unha intensa experiencia visual.



LUN 27, 19:45

ROKK Í REYKJAVÍK / ROCK IN REYKJAVIK [1982]

Fridrik Thor Fridriksson

Islandia / 83 min. / Documental

Ficha técnica:

Fotografía: Ari Kristinsson

Música: Bjork

Produción: Hugrenningur

Sinopse:

Rock in Reykjavik mostra a poderosa e expansiva escena musical islandesa. Gran parte do filme consiste en actuacións en directo de diferentes grupos de rock en Reikjavik durante 1981 e 1982. Tamén hai entrevistas con membros dos grupos que abordan temas relacionados co rock como as drogas, o sexo ou a política.



XOV 9, 16:30

SVETIBRÚÐKAUP / COUNTRY WEDDING [2008]

Valdís Óskarsdóttir

Islandia / 99 min. / Ficción

Ficha artística:

Ágústa Eva Erlendsdóttir, Árni Pétur Gudsónsson, Björn Hlynur Haraldsson, Erlendur Eiríksson, Gísli Örn Gardarsson

Ficha técnica:

Guión: Valdís Óskarsdóttir

Fotografía: Anthony Dod Mantle

Produción: Sveitabruðkaup ehf. / Mystery Island

Sinopse:

Unha parella islandesa decide casar nunha igrexa da periferia, no campo. Está só a unha hora de Reikjavik, pero as cousas nunca saen como se planean.



SAB 18, 21:30 | SAB 25, 22:30

VONARSTRÆTI (LIFE IN A FISH- BOWL) / A VIDA NUN ACUARIO [2014]

Baldvin Zophoníasson

Islandia / 130 min. / Ficción

Ficha artística:

Hera Hilmar, Thor Kristjánsson, Ingvar Þórðarson, Sveinn Ólafur Gunnarsson, Þorsteinn Bachmann, Laufey Elíasdóttir, Birgir Örn Steinarsson, Birgitta Sigursteinsdóttir, Markus Reyman

Ficha técnica:

Guión: Birgir Örn Steinarsson, Baldvin Zophoníasson

Fotografía: Jóhann Máni Jóhannsson

Música: Ólafur Arnalds

Produción: The Icelandic Film Company

Sinopse:

O destino unirá as vidas de tres personaxes en Reikjavik. Móri, refuxiado no alcol para esquecer unha traxedia que sucedeu hai 20 anos; Eik, nai solteira que exerce de prostituta para poder chegar a fin de mes, e Sölvi, un ex futbolista que atopa traballo na banca internacional e perde o contacto coa súa familia.



VEN 10, 16:00 | VEN 10, 17:30

YARN / FÍO [2016]

Una Lorenzen, Heather Millard, Þórdur Bragi Jónsson

Islandia / 76 min. / Documental

Ficha artística:

Documentary, Olek, Toshiko Horiuchi MacAdam, Tinna Þórunndóttir Þorvaldar, Tilde Björfors, Barbara Kingsolver

Ficha técnica:

Guión: Krishan Arora, Barbara Kingsolver

Fotografía: Iga Mikler

Música: Örn Eldjarn, LoopTok Music

Produción: Iga Mikler

Sinopse:

As tradicións do labor de gancho e do punto convertéronse en grandes tendencias na arte moderna. O documental segue artistas e tecedores xa internacionais que reinventan esa tradición achegando cor á vida cotiá cunha sinxela madeixa de fío.



CINE E DEREITOS HUMANOS

XOV 9, 17:30 | VEN 10, 18:00 | DOM 19, 17:45

AL OTRO LADO DEL MURO [2017]

Pau Ortiz

México, España / 68 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Pau Ortiz
Fotografía: María Nova López
Montaxe: Frank Gutiérrez, Pau Ortiz
Música: Daniel Hidalgo
Produción: María Nova / Emiliano Altuna / Intactes / Bambú Audiovisual

Sinopse:

A relación entre Ale (18) e Rocío (13) enfróntase ao maior dos desafíos cando a súa nai é encarcerada e sentenciada inxustamente. Desde ese momento terán que tomar o papel de pai e nai dos seus dous irmáns pequenos. Ao principio tómanos con disposición e bo humor prometendo axudarse o un ao outro para manter a familia unida. Pero como inmigrantes ilegais de Honduras, o seu dereito para vivir, traballar ou estudar en México está en risco. Axiña, o muro que os separa da súa nai dará lugar a outras barreiras emocionais que impedirán que os irmáns sexan capaces de poñerse no lugar do outro. Pero xusto cando a relación entre os irmáns é máis difícil, aparecerá unha nova esperanza.

— Mención especial do xurado (documental) no Festival de Málaga 2017

— Premio Latitud ao mellor documental iberoamericano no Docs Barcelona 2017



SAB 11, 20:00 | DOM 12, 19:00

EL AMPARO [2016]

Rober Calzadilla

Venezuela, Colombia / 99 min. / Xénero / Castelán

Ficha artística:

Vicente Quintero, Giovanni García, Vicente Peña, Rossana Hernández, Samantha Castillo, Luís Domingo González, Jesús Carre, Aura Rivas, Rosso Arcia, Tatiana Mabo

Ficha técnica:

Guión: Karin Valecillos
Fotografía: Michell Rivas
Son: Francisco Toro
Edición: Gustavo Rondón Córdova coa asesoría e colaboración de Mariana Rodríguez
Produción: Tumbarrancho Films e Películas Prescindibles (Venezuela) en coproducción con Caja Negra (Colombia)
Produción executiva: Marianela Illas e Rubén Sierra Salles

Sinopse:

Ao final da década dos oitenta, nos canos do río Arauca, rexión fronteiriza entre Venezuela e Colombia, dous homes sobreviven á barbarie dun ataque armado, onde morren no acto catorce dos seus compañeiros. Eles alegan ser simples pescadores, pero o Exército venezolano acusaos de seren guerrilleiros, buscan intimidalos de todos os xeitos posibles e intentan sacalos da cela onde son custodiados por un policía. Os habitantes do pobo impiden o seu traslado, pero as presións para ceder ante a versión oficial son abafantes.



DOM 12, 17:30 | MAR 21, 17:30

EL PADRE [2016]

Mariana Arruti


Arxentina / 72 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Mariana Arruti, Débora D'Antonio
Fotografía: Manuel Muschong
Música: Bernardo Baraj
Produción: Rodolfo Durán

Sinopse:

A directora da película está a buscar a verdade acerca da morte do seu pai ao que perdeu na súa primeira infancia. Despois de corenta anos, con máis preguntas que certezas, sen lembranzas del, sen ningunha sensación de telo algunha vez ao seu carón, ela decide iniciar unha viaxe.



LUN 13, 16:00 | MAR 21, 17:30

ESTADOS CLANDESTINOS. UN CAPÍTULO RIOPLATENSE DE LA OPERACIÓN CÓNDOR [2016]

Marc Iglesias, Paula Monteiro

Uruguai, Arxentina / 82 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Coa participación de: Ana Inés Quadros, Augusto «Chacho» Andrés, Edelweiss Zhan, Eduardo Dean, Hugo Cores, Lolo Mechoso, Luis Presno, Ricardo Gil, Rubén «Pepe» Prieto, Sandro Soba, Sara Méndez, Sergio López Burgos, Victoria Julien e Roger Rodríguez (periodista)

Ficha técnica:

Guión: Marc Iglesias, Paula Monteiro, Abel Moreno
Edición: Abel Moreno
Fotografía: Damià Mathews
Música: Guillermo Rizzotto
Produción: María Barhoum (Montevideo) e Romina Var (Buenos Aires)

Sinopse:

A partir dos testemuños de sobreviventes e fillos de desaparecidos, Estados clandestinos narra a historia dun grupo de militantes uruguaios que, no ano 1976, foron secuestrados en Arxentina por comandos da coordinación represiva rioplatense e trasladados ilegalmente a Uruguai. Trátase dun episodio que constitúe un exemplo paradigmático do funcionamento da coordinación represiva do Plan Cóndor, coa especial circunstancia de que é un dos contados casos en que existe un grupo numeroso de sobreviventes que poden explicar os feitos de primeira man.



LA MEMORIA DE LOS HUESOS [2016]

Facundo Beraudi

Arxentina / 80 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Coa colaboración de: Rosaria Isabella Valenzi, David Toubes, Roxana Menjivar, Silvana Turner

Ficha técnica:

Guión: Facundo Beraudi
Fotografía: Facundo Beraudi, Diego Delpino
Música: Diego Bravo
Producción: Facundo Beraudi, Victoria Nardone

Sinopse:

A esperanza de centos de familiares de vítimas de desaparicións forzadas durante a última ditadura arxentina (1976-1983) está depositada no traballo do Equipo Arxentino de Antropoloxía Forense. O EAAF leva 30 anos buscando, recuperando e identificando os restos de desaparecidos en Arxentina e en máis de trinta países, incluído o recente caso da desaparición dos estudantes de Ayotzinapa (México). Nada, salvo a devolución dos restos aos seus familiares, pode dar fin a este labor.



LOS CUERPOS DÓCILES [2015]

Matías Scarvaci e Diego Gachassin

Arxentina / 74 min. / Documental / Español

Ficha técnica:

Guión: Matías Scarvaci e Diego Gachassin
Fotografía: Diego Gachassin
Música: Juan Manuel Lima
Edición: Valeria Racioppi
Producción: El Acorazado Cine / Messina Films
Producción executiva: Diego Gachassin

Sinopse:

A película introdúcese na vida do avogado penalista Alfredo García Kalb e xunto a el, avésase o proceso que leva dous mozos marxinais a enfrontarse ao aparato xudicial arxentino; como este opera na aplicación da pena e as consecuencias que terá sobre eles e a súa contorna familiar. Paso a paso, o filme mostra como o protagonista exerce a profesión dun xeito tal que se tornan difusos os límites entre o prohibido, o permitido, o persoal e o profesional e onde se ve cuestionado o sentido do dereito penal na actualidade e se observa a tensión que existe entre a reclusión e a liberdade.

— Mellor dirección, guión de película arxentina e mención especial do Xurado Oficial de Competencia Arxentina no Festival Internacional de Cine de Mar del Plata 2015.
— Mellor longametraxe en Competencia no Festival Internacional de Cine de Gáldar 2016.



LOS TERRITORIOS [2017]

Iván Granovsky

Arxentina, Brasil, Palestina / 101 min. / Ficción / Castelán, inglés, árabe, vasco

Ficha artística:

Iván Granovsky, Alberto Ajaka, Rafael Spregelburd, Valeria Lois, Joana de Verona, Juncal Altuzarai, Barbara Gauvain

Ficha técnica:

Guión: Iván Granovsky, Ezequiel Pierri, Ana Godoy, Felipe Galvez
Fotografía: Tebbe Schöningh
Edición: Ana Godoy
Producción: Autocroma / Punta Colorada de Cinema / Un puma / Hermanos Godoy

Sinopse:

A partir do ataque a Charlie Hebdo, o fillo dun destacado xornalista arxentino persegue sucesos xeopolíticos ao redor do mundo. Ao mesmo tempo, busca o límite entre a súa vida e a viaxe ególatra que o guía, o seu pai e os conflitos do mundo actual.



PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

SAB 18, 18:00 | MER 22, 18:00

A RAPA DAS BESTAS [2017]

Jaione Camborda Coll

Galicia / 10 min. / Documental experimental / Galego

Ficha técnica:

Son: Juan Carlos Blancas
Produción: Esnatu Zinema

Sinopse:

A tradición e o espectáculo lévannos a ser testemuñas da relación corpo a corpo do home e o animal nun contexto de loita.



SAB 18, 18:00 | MER 22, 18:00

ALGUNHAS NUBES FLOTAN LONXANAS [2017]

Gonzalo E. Veloso

Galicia / 6 min. / Videoarte / Sen diálogos

Ficha técnica:

Fotografía e montaxe: Gonzalo E. Veloso
Son: Carlos Martínez Peñalver

Sinopse:

Como funciona a memoria ao lembrar experiencias? A fabulación, o erro, a proxección do que xa non existe dese xeito ao igual que na realidade. Un obxecto sempre implica un suxeito implícito. Así, este proxecto céntrase na imaxe e na súa correlación coa cousa, pero tamén apela á existencia dun eu que o experimentou e lémbrao. En definitiva, é unha reflexión sobre a identidade a través de momentos pasados fragmentarios.



LUN 20, 18:00

ANGÉLICA, UNA TRAGEDIA [2016]

Manuel Fernández-Valdés

España / 83 min. / Documental / Español

Ficha técnica:

Cámara: Manuel Fernández-Valdés
Son directo: Moncho Fernández e Fernando Carmena
Produción: Ordenpropia
Produción executiva: Ester Rodríguez Sánchez

Sinopse:

Angélica Liddell prepara a súa seguinte obra e Manuel Fernández-Valdés propónse retratala nunha película. Liddell converteuse nunha das principais dramaturgas europeas cun teatro autobiográfico en que expón a súa dor máis íntima. Unha decisión que lle afecta á esencia da súa maneira de traballar e a todas as persoas que traballan con ela. Cada cal deberá decidir ata onde está disposto a chegar ao seu carón. O director da película non permanecerá alleo á experiencia. Angélica [una tragedia] é unha película sobre unha devota da arte e sobre a axitada relación entre a creación e a vida.



SAB 18, 18:00 | MER 22, 18:00

ÁRBORES [2015]

Gonzalo E. Veloso

Galicia / 6 min. / Videoarte / Sen diálogos

Ficha técnica:

Fotografía, son, montaxe: Gonzalo E. Veloso

Sinopse:

As árbores refulgentes impresas contra un ceo brillante evocan o proceso cognoscitivo, cando os ecos do que se ve imprimen na memoria unha imaxe do experimentado.



SAB 18, 18:00 | MER 22, 18:00

ATISBOS [2016]

Iria Silvosa

España / 5 min. / Documental experimental / Galego

Ficha técnica:

Fotografía e edición: Iria Silvosa

Sinopse:

Atisbos é a exploración da vila en que nacín, que agora se torna fantasmagórica e estraña.



SAB 18, 18:00 | MER 22, 18:00

CORTÁZAR GALICIA [2014]

Juan de la Colina

Galicia / 17 min. / Documental experimental / Galego, castelán

Ficha artística:

Mark Wiersma e Jose Luis Ducid

Ficha técnica:

Guión: Juan de la Colina, Andrea Vázquez e Damián Varela

Fotografía: Damián Varela

Montaxe: Andrea Vázquez

Locucións: José Luis Ducid e Silvia Penas

Produción: Miramemira

Sinopse:

As fotografías e os textos sobre as viaxes que o escritor arxentino Julio Cortázar -acompañado da súa primeira muller, a tamén escritora Aurora Bernárdez-, fixo a Galicia nos anos 1956 e 1957, son a base desta curta experimental. A través dun xogo benxaminiano de interpretación (e materialización) libre e poética entre o pasado e o presente, o filme percorre os lugares que Cortázar visitou. O documental apoíase en material de arquivo facilitado polo Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) –depositario dos fondos fotográficos e fílmicos de Julio Cortázar–, a Fundación Juan March e a Fundación Luís Seoane.



VEN 17, 17:30

ENTRE A ONDA E A ROCHA [2017]

Manuel Lógar

Galicia / 89 min. / Documental / Galego, castelán

Ficha artística:

María Carrera, Félix Vilela, Ramón Vilela, Ángel Lema, Toñico Haz, Pi, Pablo Fernández, Mª del Mar Campos, Moncho Vilela, Engracia López, Benito Nogales, Natxo Castro.

Ficha técnica:

Montaxe: Manuel Lógar

Fotografía: Mael Santiago

Son directo: Kiku Lobet, Roi F. Carvajal

Deseño sonoro: Martí Albert

Produción: David Schonwald, Manuel Lógar, ESCAC films

Sinopse:

Documental que a partir de seguir as vidas de varios percebeiros na tempada do Nadal, indaga na relación entre o home e o mar, o home e a súa contorna. Anos despois do afundimento Prestige, móstrase un reflexo de persoas que viven ao límite, en constante adaptación ao perigo, tanto económico, como vital.



SAB 18, 18:00 | MER 22, 18:00

MAMMA [2016]

Gonzalo Coteló

España, Italia / 6 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Ilaria del Gaudio, Davide Artiko, Gabriel Khotivari

Ficha técnica:

Guión e fotografía: Gonzalo Coteló

Son: Tullio Morganti

Produción: Angeliika Zopf

Sinopse:

Unha moza vese atrapada no medio dunha guerra entre bandas rivais cando se converte en testemuña dun asasinato a sangue frío.

— Gañadora da Semana Competitiva do Festival Internacional CinemadaMare 2016



MAR 14, 17:30 | SAB 18, 18:00

MATRIA [2017]

Álvaro Gago

España / 20 min. / Ficción / Galego

Ficha artística:

Francisca Iglesias Bouzón, Pilar Fragua Agra, Eulogia Chaves Ferro, Ramón Martínez García, Marta Resille, Sara Dios Gándara

Ficha técnica:

Guión: Álvaro Gago

Fotografía: Lucía C. Pan

Produción: José Gago Rodríguez, Alberto Gago Rodríguez, Álvaro Gago

Sinopse:

Ramona vive co seu marido, con quen apenas se comunica, e traballa nunha fábrica de conservas gobernada por unha encargada tirana.

Ante os desafíos que lle presenta a súa rutina diaria, Ramona trata de refuxiarse na relación que a une á súa filla e á súa neta.



MER 15, 20:15

O EQUILIBRIO DOS OPOSTOS

[2017]

Alberto Baamonde

España / 90 min. / Documental / Galego, castelán

Ficha artística:

Coa colaboración de: Javier Olleros, Amaranta Rodríguez, Takahide Tanaka, Xico de Mandín, Adelina Padín, Santiago Pérez

Ficha técnica:

Fotografía e montaxe: Alberto Baamonde

Música: Raúl Mon

Son: Martiño Méndez

Posprodución de son: David Machado e Javier Pato

Produción: Zinqin Audiovisual

Sinopse:

En novembro de 2014, o cociñeiro do Grove Javier Olleros ten que pechar o seu prestixioso restaurante Culler de Pau, posuidor dunha estrela Michelin. Unha situación incontrolable levaba camiño de arruinar a súa vida e a da súa familia ata que Javier decide darlle a volta e convertila na realización do seu soño profesional. Nestes momentos de incerteza e ilusión somos testemuñas do seu proceso de busca, e descubrimos as súas raíces: a figura do pai e a diáspora; O Grove, península-illa; unha xuventude difícil; a loita contra a inxustiza; e a continua procura do equilibrio.



MAR 14, 17:30 | SAB 18, 18:00

O TEMPO FUTURO [2017]

Xoán Escudero

España / 74 min. / Documental / Castelán, galego, inglés

Ficha artística:

Bárbara Iglesias

Ficha técnica:

Montaxe: Sika Lamas

Fotografía: Isaura Docampo, Hugo González, Xoán Escudero

Son: David Machado, Amaro Rúa Lago

Produción: Analia G. Alonso / Y la nave va

Sinopse:

Bárbara é a primeira piloto de bobsleigh española e ten un soño claro: competir a nivel mundial. Esta non é unha meta sinxela para alguén que non conta con apoios e vive a 1.500 quilómetros da pista máis próxima, nun país sen tradición neste deporte. Pero esta viaxe é a súa oportunidade.

— Premio do público no Festival Primavera do Cine 2017



DOM 12, 17:30 | XOVI 16, 20:00

PARAÍSO ROUBADO [2017]

Lukas Santiago

Galicia / 60 min. / Documental / Galego

Ficha técnica:

Guión: Lukas Santiago

Fotografía: Gero Costas, Xan Seoane, Lukas Santiago

Música: Xandre Outeiro

Voz en off: Manuel Rivas

Produción: Asociación pola Defensa da Ría (APDR), Producciones Mutantes

Sinopse:

Este documental aborda a realidade de Lourizán entre finais do século XIX, cando Montero Ríos establece a súa residencia galega neste auténtico paraíso, e a chegada da fábrica Celulosa nos anos 60 do século XX, que supuxo a destrución da riqueza natural, paisaxística e económica desta parroquia pontevedresa, que veu perder o seu futuro como consecuencia do desenvolvemento franquista. Pero tamén é un exercicio de memoria histórica, un recoñecemento á loita das mariscadoras que se enfrontaron á represión militar na defensa do banco marisqueiro e o pan dos seus fillos, unha loita que non pode caer no esquecemento. É a crónica dun paraíso perdido... dun PARAÍSO ROUBADO!



SAB 18, 18:00 | MER 22, 18:00

POIS ISO, QUE TE QUERO [2016]

Beatriz del Monte

Galicia / 12 min. / Documental / Galego

Ficha artística:

Irene Beceiro, Amparo Calvo, Manolita González, Balbina Cibreiro

Ficha técnica:

Fotografía e son: Beatriz del Monte

Sinopse:

Nais e fillas. Unha viaxe a través das emocións de catro xeracións de mulleres dunha mesma familia, onde o espazo físico narrativo desaparece deixando o protagonismo á humanidade omnipresente dunhas mulleres que observan, senten e se interrogan desde o silencio gardado durante anos, dando paso a outro tempo de emocións compartidas.



DOM 26, 12:00

PROXECTO REMOLQUE [2017]

Cris Lores

Galiza / 90 min. / Videoarte

Ficha técnica:

Edición: Cris Lores, Alberte Pagán, Olalla Márquez e outros autores

Sinopse:

“O Proxecto remolque comezou coa chegada do dixital e o desmantelamento dos cinemas en 35 mm. Eu persoalmente non teño nada contra o dixital, todo o contrario, xa que permitiu a moita xente facer os seus proxectos con orzamentos baixos ou mesmo nulos. Penso que poderíamos coexistir perfectamente e que hai sitio para os dous sen problema. Pero os vendedores de dixital non opinaban o mesmo e a nova instalación viña co desmantelamento implícito do analóxico, a base de cartos e ameazas, moi semellante ao desastre do Prestige. A raíz diso, un compañeiro proxeccionista que traballaba e varios cinemas ofreceume a posibilidade de rescatar un montón de materiais dos “vellos e belos” cinemas, coma obxectivos, empalmadoras, bobinadoras e una morea de avances cinematográficos. Así foi como lle ofrecín a algún colega a posibilidade de facer un filme en 35 mm manipulando os avances e converténdoo noutra cousa. Un día veu Alberte Pagán pola casa, faleille do proxecto e díxome que estaría encantado de levar un e facer cousas con el. E así comecei a repartir avances a xente de todo tipo, cineastas, fotógrafos, pintores, camareiros... amigos, vaia. Despois, a xente comezou a interesarse polo proxecto e naceu o Proxecto Remolque, un filme que nace a partir da morte do proxeccionista”.

Autoría do texto: Cris Lores.



SAB 18, 18:00 | MER 22, 18:00

SIBILA [2017]

Carla Andrade

Galicia / 9 min. / Videoarte / Castelán

Ficha técnica:

Guión, fotografía, edición: Carla Andrade

Sinopse:

Sibila deixa Constantinopla por Naraío para pasar os seus últimos días consumida pola melancolía debido ao mal de amor producido polo seu irmán xemelgo Silván. Partindo dunha das múltiples narracións que de forma sincopada se suceden e interpolan no relato de Álvaro Cunqueiro “El caballero”, recreamos unha pequena historia mediante unha estética depurada e baseada na elipse para contrarrestar o evidente horror vacui que caracteriza a súa obra.



MER 22, 20:00

SITIO DISTINTO [2017]

Davide Cabaleiro

España / 70 min. / Documental / Éuscaro, galego, castelán

Ficha artística:

Jorge Marrale, Mercedes Morán, Matías Mayer, Nicolás Francella, Alejandro Paker, Luis Machín

Ficha técnica:

Guión: Davide Cabaleiro, Iván Batty

Fotografía: Jokin Aguirregoikoa

Edición: Davide Cabaleiro, Iván Batty e Santiago Ron

Producción: Zirriborro / Pixel Films

Sinopse:

Documental que mostra as diferentes ondas migracionais desde Galicia até Euskadi. Unha viaxe que comezou hai xa 150 anos con destino ás minas de ferro, despois viría a pesca, a industria... até chegar aos mozos galegos de hoxe en día que poboan a identidade vasca. Un camiño que uniu co tempo dous pobos que comparten o feito de teren dúas culturas e linguas minorizadas.



DOM 12, 17:30 | XOV 16, 20:00

SOMOS PLAGA [2017]

Xiana Gómez-Díaz, Emilio Fonseca

España / 34 min. / Documental / Castelán, catalán, inglés, italiano, francés

Ficha artística:

Coa colaboración de: Lynn Margulis, Jorge Riechmann, Stefano Mancuso, Carl Safina, Catia Faria, Yayo Herrero, Ken Thompson

Ficha técnica:

Guión e montaxe: Xiana Gómez-Díaz, Emilio Fonseca, Walkie Talkie Films

Produción: CCCB (Centre de Cultura Contemporània de Barcelona)

Sinopse:

Vivimos rodeados de pragas, todos eses organismos aos que non conseguimos someter e que, por algún motivo, non acaban de extinguirse. “Praga” é un concepto político de dominación, relacionado con cuestións de orde, pertenza e control. Todo aquilo que non é subxugado, domesticado, explotado, é praga ou é susceptible de converterse en praga. E unha praga debe ser exterminada.



MAR 14, 19:00

VIGO 1972 [2017]

Roi Cagiao

Galicia / 62 min. / Documental / Galego

Ficha artística:

Waldino Varela, Juan Benavides, Carlos Núñez, Carlos Barros, Elvira Landín, Juan Bacariza, Francisco Lores, Rafael Pillado, Camilo Nogueira, Pilar Pérez, Margarita Rodríguez

Ficha técnica:

Guión: Roi Cagiao

Fotografía: Damián Varela

Música: Iván Salgado, Diego Mosquera

Produción: Emilio J. Fernández / Arthur Gordon

Sinopse:

En setembro de 1972 preto de trinta mil traballadores vigueses protagonizaron a maior folga da historia de Galicia. Durante dúas semanas foron quen de poñer en xaque o franquismo, converter a cidade en centro de interese informativo a nivel internacional e situala á vangarda da loita contra a ditadura. Pagan por isto un alto prezo.



DOM 19, 18:00 | VEN 24, 17:30

AL [2016]

Alberte Pagán

Galiza / 3 min. / Experimental / Galego

Ficha técnica:

Guión, fotografía e produción: Alberte Pagán

Sinopse:

Al Foster tocando no Café Latino de Ourense proxectado sobre esponxa. Son directo.



DOM 19, 18:00 | VEN 24, 17:30

BERBERA [2016]

Alberte Pagán

Galiza / 2 min. / Experimental / Galego

Ficha técnica:

Guión, fotografía e produción: Alberte Pagán

Sinopse:

Porto de Berbera (Somaliland) proxectado sobre canforeira. Paisaxe sonora: Pwe em Mandalay (Myanmar).



DOM 19, 18:00 | VEN 24, 17:30

GONGORIIN BOMBANI HURAL [2016]

Alberte Pagán

Galiza / 3 min. / Experimental / Galego

Ficha técnica:

Guión, fotografía e produción: Alberte Pagán

Sinopse:

Dous planos de Mongolia (solar en construción en Ulán Bátor e estepa da Selenge Aimag) proxectados sobre madeira. Noite e día. Urbe e campo. A paisaxe sonora pertence á cerimonia do Gongoriin Bombani Hural, que se celebra no Amarbayasgalant Khiid.



DOM 19, 18:00 | VEN 24, 17:30

LA TIERRA SANTA [2016]

Alberte Pagán

Galiza / 9 min. / Experimental / Galego

Ficha técnica:

Guión, fotografía e produción: Alberte Pagán

Sinopse:

Viaxe polo río Irauádi proxectada sobre biblioteca. Na banda sonora escoitamos un artigo de Urbano Ferreiroa sobre Galiza escrito en abril de 1893, poucos días antes da estrea pública do quinetoscopio de Edison.



DOM 19, 18:00 | VEN 24, 17:30

NOITE DE RODOS [2017]

Alberte Pagán

Galiza / 4 min. / Experimental / Galego

Ficha técnica:

Guión, fotografía e produción: Alberte Pagán

Sinopse:

As imaxes de Noite de rodos proceden do festival Konfrontationen 2014. A música en estéreo foi gravada a noite de rodos de 2016 e 2017 en Pazos de Arenteiro, e a música da canle dereita é da autoría de Polwechsel. Pola banda sonora, primitivismo e vangarda van da mao. Pola banda da imaxe, a manipulación do seu código hexadecimal produce inquietantes e imprevisibles imaxes.



DOM 19, 18:00 | VEN 24, 17:30

NYAUNGSHWE [2016]

Alberte Pagán

Galiza / 6 min. / Experimental / Galego

Ficha artística:

Susa Espinheira

Ficha técnica:

Guión, fotografía e produción: Alberte Pagán

Sinopse:

Descartes de A Pedra do Lobo. Susa Espinheira proxectada sobre si mesma. Botes navegando o canal de Nyaungshwe (Myanmar) conforman a paisaxe sonora.



DOM 19, 18:00 | VEN 24, 17:30

PAGÁN [2016]

Alberte Pagán

Galiza / 7 min. / Experimental / Galego

Ficha técnica:

Guión, fotografía e produción: Alberte Pagán

Sinopse:

Picado cenital en movemento sobre a areosa chaira de Pagán (Bagan, Myanmar) proxectado sobre lousa. A paisaxe sonora está formada polo son dos barcos que viaxan polo río Irawádi (Ayeyarwady) camiño de Pagán.



DOM 19, 18:00 | VEN 24, 17:30

TÉMENOS [2017]

Alberte Pagán

Galiza / 37 min. / Experimental / Galego

Ficha técnica:

Guión, fotografía e produción: Alberte Pagán

Sinopse:

– τεμενο¹: Precinto sagrado. Como a acrópole de Atenas. Valado, estrema que o delimita. Fronteira estrutural.
– τεμενο²: Lugar-acontecemento preto da aldea de Lyssarea, na Arcadia, escolleito por Gregory Markopoulos para a proxección da súa obra definitiva Eniaios. Robert Beavers organiza o evento cada catro anos.
– τεμενο³: Documentación da peregrinación a τεμενο², desde o Barbanza a Lyssarea e volta. Os tempos e os lugares mistúranse e conviven nun só recinto, o da pantalla. Os bordes da pantalla como límite, como τεμενο¹, como fronteira estrutural dun espazo cadrado onde a actividade mental poder ter lugar. O tempo de Eniaios convértese aquí en espazo, o baleiro do espazo, o espazo como tempo entre as fronteiras do cadro.
– Cinco segundos, camiño de ida: montaxe diferida. 125 fotogramas, camiño de volta: montaxe contigua. Ás veces o movemento no espazo rompe a estrita fronteira temporal.



EXPOSICIÓN ABERTA ATA O 7 DE XANEIRO

Sede Afundación

Rúa do Vilar, 19. Santiago



//Afundación
Obra Social ABANCA

CINEUROPA MIÚDA

SAB 11, 12:00 | SAB 11, 16:00 | SAB 18, 15:45

LE GRAND MÉCHANT RENARD ET AUTRES CONTES / O MALVADO RAPOSO FERROZ

[2017]

Benjamin Renner, Patrick Imbert

Francia / 83 min. / Ficción / Francés

Ficha técnica:

Guión: Jean Regnaud, Benjamin Renner

Música: Robert Marcel Lepage

Producción: Folivari

Sinopse:

Aqueles que pensan que a campiña é un lugar tranquilo e pacífico están equivocados, alí atópanse animais particularmente axitados, un raposo que pensa que é un pito, un coello que fai de cegoña e un pato que quere substituír Santa Claus. Se desexas coller unhas vacacións, pasa de longo e segue o teu camiño.



DOM 12, 16:00 | SAB 25, 12:00 | SAB 25, 17:30

MI MUNDIAL [2017]

Carlos Andrés Morelli

Uruguai, Brasil, Arxentina / 90 min. / Ficción / Castelán, portugués

Ficha artística:

César Troncoso, Néstor Guzzini, Verónica Perrotta, Jorge Bolani, Marcel Keoroglian, Roney Villela, Ernesto Liotti, Facundo Campelo, Candelaria Rienza

Ficha técnica:

Guión: Carlos Andrés Morelli, Martín Salinas (Novela: Daniel Baldi)

Fotografía: Sebastián Gallo

Música: Hernán González

Producción: La Gota Cine / Panda Filmes / Pensa, Rocca Producciones / Coral Cine / U Films

Sinopse:

Tito é un neno de 13 anos superdotado para o fútbol. A súa xenialidade tráelle un contrato que os saca da pobreza a el e á súa familia. En Montevideo brilla cos seus goles, pero transfórmase nun xogador mesquiño, abandona a escola e non ten amigos. Pasa a ser o sustento da familia e o seu pai xa non ten autoridade para obrigalo a que termine os estudos. Cando Tito está a un paso de consagrarse, sofre un accidente e o seu soño rómpese. Perdéndoo todo deben volver ao seu pobo; e agora Tito debe afrontar o desafío máis difícil da súa vida: levantarse e seguir adiante. Pero, cal será o camiño?



SAB 18, 12:00 | DOM 19, 16:00 | DOM 26, 16:00

UN SAC DE BILLES / UNHA BOLSA DE BÓLAS [2017]

Christian Duguay

Francia, Canadá, República Checa / 110 min. / Ficción / Francés, alemán, ruso, hebreo

Ficha artística:

Dorian Le Clech, Batyste Fleurial, Patrick Bruel, Elsa Zylberstein, Christian Clavier, César Domboy, Ilian Bergala, Kev Adams, Lucas Prisor, Bernard Campan

Ficha técnica:

Guión: Jonathan Allouche, Christian Duguay, Alexandra Geismar, Benoît Guichard (Novela: Joseph Joffo)

Fotografía: Christophe Graillet

Producción: Quad Productions / Main Journey / Forecast Pictures / Gaumont / Okko Productions

Sinopse:

Na Francia ocupada, dous irmáns xudeus, Maurice e Joseph, deixados á súa sorte, reúnen astucia, valor e enxeño para fuxir da invasión inimiga e tratar de xuntar a súa familia novamente.



MARATÓN

MER 22, 21:45 | VEN 24, MARATÓN

AS BOAS MANEIRAS [2017]

Juliana Rojas, Marco Dutra

Brasil, Francia / 135 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Isabél Zuaa, Marjorie Estiano, Miguel Lobo, Cida Moreira

Ficha técnica:

Guión: Marco Dutra, Juliana Rojas

Fotografía: Rui Poças

Música: Guilherme Garbato, Gustavo Garbato

Produción: Canal+ / Centre National de la Cinématographie

Sinopse:

Clara é contratada como aia dun neno non nado. Contra todo prognóstico, as dúas mulleres desenvolven un forte vínculo. Pero unha noite fatídica cambian os seus plans.

— Premio especial do xurado no Festival de Locarno 2017

— Premio da crítica en Sitges 2017



Atención á que é unha das películas do ano da cal só teremos un pase, á parte do incluído no maratón. O brasileiro Marco Dutra e Juliana Rojas, que xa esbozaron o seu talento en *Trabalhar cansa*, ofrecen unha obra magna, que arrinca como magnética historia de amor entre mulleres e deriva cara a unha relectura vivificante do mito do home-lobo que se incrusta no costumismo, no musical popular, no drama emotivo de pequeno *sauvage* e a nai coraxe. E mixtura *As Boas Maneiras* eses elementos de tenrura e licantropía con tal forza de cinema libertario que a súa carga poética elévase por encima de xéneros e normas e transita no seu voo alto onde só chega o cinema forxado para a inmortalidade. Imprescindible.

VEN 24, MARATÓN

ESCARABANA [2017]

Sara Casasnovas

España / 11 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Iván Marcos, Sara Casasnovas, Ana Oca

Ficha técnica:

Guión: Sara Casasnovas

Fotografía: Valentín Álvarez

Sinopse:

A fame, a brétema, a fuxida. Unha parella atrapada na eternidade. Unha viaxe sen fin cara a propia natureza, conducindo cadillacs e escapando do sol.



VEN 24, MARATÓN

LA MALDICIÓN DE LA LLORONA [1963]

Rafael Baledón

México / 1963 / 80 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Rosita Arenas, Abel Salazar, Rita Macedo, Carlos López Moctezuma, Enrique Lucero, Mario Sevilla, Julissa

Ficha técnica:

Guión: Rafael Baledón, Fernando Galiana

Fotografía: José Ortiz Ramos

Música: Gustavo César Carrión

Produción: Cinematográfica ABSA

Sinopse:

Película baseada nunha tradición folclórica mexicana moi difundida, acerca da Llorona, da que se fixeron, ao longo da historia, varias adaptacións. Unha muller espectral permanece no medio do bosque rodeada de varios mastíns e, xunto cun deforme, ataca a quen se cruce polo seu camiño. A súa misión é conseguir sangue humana para revivir un vampiro demo. Unha moza chega de visita ao casal da súa familia xunto co seu marido. Ela é sobriña da muller pantasma que, cando regresa á súa casa, se converte na tía Telma.



XOV 23, 20:00 | VEN 24, MARATÓN | SAB 25, 23:15

LES AFFAMÉS / OS FAMENTOS [2017]

Robin Aubert

Canadá / 100 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Marc-André Grondin, Monia Chokri, Charlotte St-Martin, Micheline Lanctôt, Marie-Ginette Guay, Brigitte Poupart, Édouard Tremblay-Grenier, Luc Proulx, Didier Lucien, Robert Brouillette, Martin Héroux, Patrick Hivon

Ficha técnica:

Guión: Robin Aubert

Fotografía: Steeve Desrosiers

Música: Pierre-Philippe Côté

Produción: La Maison de Prod / Christal Films Distribution / Téléfilm Canada / SODEC / The Harold Greenberg Fund

Sinopse:

Nun pequeno pobo remoto de Quebec as cousas comezan a cambiar. Algunhas persoas xa non son o que eran. Atacan as súas familias, os seus amigos, os seus veciños... Châmanlles "os famentos". Un grupo de sobreviventes introdúcese no bosque para fuxir deles.

— Mellor película canadense no Festival de Toronto 2017



VEN 24, MARATÓN | LUN 27, 18:30

LIBERAMI [2016]

Federica di Giacomo

Italia, Francia / 89 min. / Documental / Italiano

Ficha técnica:

Guión: Federica di Giacomo

Fotografía: Greta de Lazzaris, Carlo Sisalli

Producción: Mir Cinematografica S.r.l, Opera Films

Sinopse:

Documental sobre a rexurdida práctica do exorcismo, que incide no contraste entre as antigas tradicións e os costumes modernos que se atopan nesta historia divertida e desacougante ao tempo.

— Nomeada ao mellor documental nos Premios David di Donatello 2016



LUN 20, 22:00 | VEN 24, MARATÓN | DOM 26, 22:15

MOM AND DAD [2017]

Brian Taylor

Estados Unidos / 83 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Nicolas Cage, Selma Blair, Anne Winters, Joseph D. Reitman, Zackary Arthur, Olivia Crocicchia, Brionne Davis, Tyler Sopland, Bishop Stevens, Matthew W. Allen, Dale Miller, Ellen Marguerite Cullivan, George Griffith, Marilyn Dodds Frank, Michelle Poole, Kris Jerome Flowers

Ficha técnica:

Guión: Brian Taylor

Fotografía: Daniel Pearl

Música: Mr. Bill

Producción: Armory Films / Three Point Capital / Zeal Media

Sinopse:

Unha misteriosa epidemia en forma de tolema masiva provoca que os pais ataquen violentamente aos seus fillos. Carly e Joshua tratarán de sobrevivir durante tan aciaga xornada, ameazados por uns proxenitores que posúen os trazos de Nicolas Cage e Selma Blair.

— Sección oficial longametraxes a concurso no Festival de Sitges 2017



XOV 23, 00:15 | VEN 24, MARATÓN | DOM 26, 21:00

REVENGE [2017]

Coralie Fargeat

Francia / 108 min. / Ficción / Inglés, francés

Ficha artística:

Matilda Anna Ingrid Lutz, Kevin Janssens, Avant Strangel

Ficha técnica:

Guión: Coralie Fargeat

Fotografía: Robrecht Heyvaert

Producción: MES Productions / Monkey Pack Films / Logical Pictures

Sinopse:

Tres amigos casados reúnen para a súa viaxe anual de caza.

Un deles leva a súa amante, unha moza moi atractiva. As cousas revíranse e a muller aparece morta. Cando ela volve á vida, a viaxe dos homes convértese nunha persecución no medio do deserto.

— Sección oficial de longametraxes a concurso en Sitges 2017



Coralie Fargeat debuta rompendo moitos pratos. A súa subversión do cinema de vengadores, instituído por Clint Eastwood e o bigote de Charles Bronson na Norteamérica dos *seventies*, lévanos a unha paisaxe desértica. E a unha muller que colle o seu fusil para desquitarse dos seus abusadores. E faio enarborando un poderío visual epatante nun escenario deshumanizado no cal hai chiscadelas a Leone e, sobre todo, ás persecucións animadas do Coiote e o Correcamiños, con moito explosivo Acme e carne e óso á vista en lugar de "dibus". Premio dobre hai dúas semanas en Sitges para Coralie Fargeat, como mellor directora e mellor ópera prima.

VEN 24, MARATÓN

THE DAMNED THING [2006]

Tobe Hooper

Canadá, Estados Unidos / 57 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Sean Patrick Flanery, Georgia Craig, Ryan Drescher, Brent Stait, Alexandra Carter, Tracy Waterhouse

Ficha técnica:

Guión: Richard Christian Matheson (Relato: Ambrose Bierce)

Fotografía: Jon Joffin

Música: Nicholas Pike

Producción: Starz! / Nice Guy Productions / Industry Entertainment

Sinopse:

Durante a festa de aniversario do pequeno Kevin, o seu pai, ao ver unha mancha escura no teito, tolea e asasina a súa esposa. Tamén intenta asasinar o neno, pero unha misteriosa forza acaba antes con el. Vinte anos despois, Kevin é o shériff da cidade e trata de refacer o seu matrimonio con Charity, con quen ten un fillo de pouca idade. En vésperas do aniversario da morte dos seus pais, unha serie de estrañas mortes fai temer a Kevin que se repita o episodio da súa nenez.





NOVECENTO: O SÉCULO DAS REVOLUÇÕES

DOM 26, 17:00

A WORLD APART / UN MUNDO Á PARTE [1988]

Chris Menges

Reino Unido, Cimbabue / 113 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Barbara Hershey, Jodhi May, Jeroen Krabbé, Nadine Chalmers, Maria Pilar, Kate Fitzpatrick, Tim Roth, Phyllis Naidoo, Linda Mvusi

Ficha técnica:

Guión: Shawn Slovo
Fotografía: Peter Biziou
Música: Hans Zimmer
Producción: Atlantic Entertainment Group / British Screen Productions / Channel Four Films / Hippo Films, Zimbabwe / Working Title Films / World Apart

Sinopse:

Reino Unido, Cimbabue / 1988 / 113 min. / Ficción / Inglés Dirección: Chris Menges A principios dos sesenta, un matrimonio branco é acosado e perseguido en Suráfrica por facer pública a súa postura antisegregacionista. O apartheid no país é un movemento con moita forza, e o goberno considera unha ameaza que unha xornalista branca comece a protesta contra a segregación racial.

— Gran premio do xurado, mellor actriz e premio do xurado ecuménico no Festival de Cannes 1988

— Mellor guión orixinal nos BAFTA 1988

— Mellor director nos Premios do Círculo de Críticos de Nova York 1988



XOV 9, 22:00

ALAMBRISTA! [1977]

Robert M. Young

Estados Unidos / 110 min. / Ficción / Castelán, inglés

Ficha artística:

Domingo Ambriz, Trinidad Silva, Linda Gillen, Ned Beatty, Jerry Hardin, Julius Harris

Ficha técnica:

Guión: Robert M. Young
Fotografía: Tom Hurwitz, Robert M. Young
Música: Michael Martin Murphey
Producción: Filmhaus

Sinopse:

Un campesiño mexicano decide emigrar clandestinamente aos EEUU para traballar como braceiro. Comezará entón a sufrir toda clase de desgrazas: ser estafado por aqueles que o contrataron, longas xornadas de recolección, pésimas condicións hixiénicas, salarios ínfimos... En vista da explotación que padecen os que están na súa situación, decide volver a México.

— Cámara de Ouro (mellor ópera prima) no Festival de Cannes 1978

— Cuncha de Ouro no Festival de Cine de San Sebastián 1978



SAB 18, 17:00

ALLONSANFÀN [1974]

Paolo Taviani, Vittorio Taviani

Italia / 115 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Marcello Mastroianni, Lea Massari, Mimsy Farnier, Laura Betti, Claudio Cassinelli, Benjamin Lev, Renato de Carmine

Ficha técnica:

Guión: Paolo Taviani, Vittorio Taviani
Fotografía: Giuseppe Ruzzolini
Música: Ennio Morricone
Producción: Cooperativa cinematografica

Sinopse:

Italia, 1816. Os "carbonarios", un grupo revolucionario que segue as teorías de Babeuf (1760-1797), intenta resistir os ataques do absolutismo. Un deles, o vello Fulvio, de orixe nobre, enfermo, canso e perseguido pola policía, busca refuxio na casa familiar. Ten a intención de empezar unha nova vida, lonxe do compromiso político que arruinou as súas ambicións persoais, pero os seus correligionarios presiónano para que siga contribuíndo á causa.



XOV 16, 17:00

ANTONIO DAS MORTES [1969]

Glauber Rocha

Francia, Brasil, Alemaña do Oeste (RFA) / 100 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Maurício do Valle, Odete Lara, Othon Bastos, Hugo Carvana, Jofre Soares, Rosa María Penna, Lorival Pariz

Ficha técnica:

Guión: Glauber Rocha
Fotografía: Affonso Beato
Música: Carlos Nobre
Producción: Mapa Films

Sinopse:

O lendario personaxe de Antonio das Mortes é un home melancólico cun pasado turbulento do que foi prisioneiro e que o mantivo durante toda a súa vida coa necesidade permanente de ter un inimigo contra o que enfrontarse. Ás ordes da nobreza terratenente, é enviado para asasinar a Coirana, o último "cangaceiro" (un bandido do lado do pobo), que se atopa no interior da cidade de Bahía. Antonio das Mortes é un relato sobre un conflito entre clases acaecido no seo da historia de Brasil no que descansa un significado moito máis profundo do que se puidese interpretar nun análise superficial.

— Mellor director (ex-aequo) no Festival de Cannes 1969



XOV 23, 19:15

BORN IN FLAMES [1983]

Lizzie Borden

Estados Unidos / 90 min. / Ficción / Inglés, francés

Ficha artística:

Honey, Adele Bertei, Jean Satterfield, Florynce Kennedy, Becky Johnston, Pat Murphy, Kathryn Bigelow, Hillary Hurst, Eric Bogosian

Ficha técnica:

Guión: Lizzie Borden (Argumento: Ed Bowes)

Fotografía: Ed Bowes, Al Santana

Música: Ibis

Producción: Lizzie Borden

Sinopse:

Dez anos despois da máis grande revolución pacífica na historia dos Estados Unidos onde un goberno socialista adquire poder, as minorías continúan tendo problemas coa distribución do emprego, as cuestións de xénero e a violencia. Na Nova York dese futuro distópico, un grupo de mulleres decide organizarse e mobilizarse para levar a revolución máis aló do que xamais se tivese imaxinado.

— Premio do xurado de lectores da revista "Zitty" no Festival de Berlín 1983



DOM 12, 17:00

BUONGIORNO, NOTTE / BOS DÍAS, NOITE [2003]

Marco Bellocchio

Italia / 106 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Luigi Lo Cascio, Maya Sansa, Roberto Herlitzka, Pier Giorgio Bellocchio, Paolo Briguglia, Giovanni Calcagno, Giulio Bosetti, Gianni Schicchi, Roberta Spagnuolo

Ficha técnica:

Guión: Marco Bellocchio, Daniela Ceselli (Novela: Anna Laura Braghetti, Paola Tavella)

Fotografía: Pasquale Mari

Música: Riccardo Giagni

Producción: Filmalbatros / RAI Cinema

Sinopse:

Chiara é unha moza apaixonada, utópica e revolucionaria que esconde a súa verdadeira identidade como membro das Brigadas Roxas italianas a finais dos setenta. A simple vista trátase dunha moza normal que se muda co seu noivo a un piso novo, pero o seu amigo Enzo empeza a sospeitar que non todo é o que parece.

— Mellor guión no Festival de Venecia 2003

— Mejor actor secundario (Roberto Herlitzka) e sete nomeamentos nos Premios David di Donatello 2003

— FIPRESCI nos Premios do Cine Europeo 2003



MAR 28, 21:45

CAZADORES DE UTOPIÁS [1996]

David Blaustein

Arxentina / 150 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Ernesto Jauretche

Fotografía: Alejandro Fernández Mouján

Música: Litto Nebbia

Producción: Instituto Nacional de Cine y Artes Audiovisuales (INCAA)

Sinopse:

Arxentina / 1996 / 150 min. / Documental / Castelán Dirección: David Blaustein Protagonistas da historia política dos anos 70 relatan por primeira vez os feitos que marcaron a violenta loita polo poder na Arxentina. O filme alterna testemuños de militantes daquela etapa con material documental de arquivo, en gran parte inédito. O profundo compromiso de cada un dos 34 testemuños coa historia argentina, caracteriza o punto de vista desta narración, sintetizada desde as 80 horas de relatos gravados.

— Premio FIPRESCI no Festival de Cine Documental de Ámsterdam 1996



DOM 26, 17:30

CHE: EL ARGENTINO [2008]

Steven Soderbergh

Estados Unidos / 128 min. / Ficción / Inglés, castelán

Ficha artística:

Benicio del Toro, Demián Bichir, Elvira Mínguez, Jorge Perugorria, Catalina Sandino Moreno, Vladimir Cruz, Unax Ugalde, Rodrigo Santoro, Óscar Isaac, Yul Vazquez, Édgar Ramírez, Julia Ormond, Alfredo De Quesada, Jsu García, Armando Riesco

Ficha técnica:

Guión: Peter Buchman (Autobiografía: Ernesto 'Che' Guevara)

Fotografía: Steven Soderbergh

Música: Alberto Iglesias

Producción: Coproducción Estados Unidos-España; Wild Bunch / Morena Films / Laura Bickford Productions / Section Eight / Teletcinco Cinema

Sinopse:

